

- A lenda do galo -

Amence de novo un día na parroquia arteixá de Barrañán. Na súa praia atópanse congregados os veciños, todos alí reunidos ó redor de tres druídas e dunha cova aberta dende os tremores da semana anterior.

Os veciños tíñanlle medo porque dela saían uns estraños ruídos e algún veciño dicía que vía luces:

-Está enmeigada, eu vin unhas luces- dicía o vello propietario dos fermosos muíños da senda do río Sisalde.

-Non digas parvadas, ho! Ti o que ves son imaxinacións. Xa non che traballa ben a cabeza- dicía a veciña da casa de pedra, con dous cans, no lugar da Branquenza.

Os druídas, xa fartos de escoitar os veciños, falaron:

-Por favor, manteñan as formas, estamos aquí reunidos para comunicarlles que non atopamos remedio exacto, e que si, posibelmente... esta cova... estea enmeigada!!- falou o máis novo dos druídas.

-Así que anunciamos, despois de nos reunir e falalo co consello, que: soltaremos un galo unha noite de lúa chea , na que as ondas batan con estas pedras- engadiu o maior de todos.

-Así se o galo consegue saír, significará que esta cova non supón perigo ningún. Pero se pola contra, o galo non sae antes do solsticio de inverno, a posíbel maldición caerá sobre vós- contou o de mediana idade.

-E non haberá outra forma de facelo, sen arriscarnos a que ocorra a maldición?- preguntou unha veciña.

-É decisión do consello- dixeron os druídas ó unísono- e non se pode discutir contra ela. Ou o tomades ou o deixades.

Rematadas estas palabras que soaban a ameaza, un lóstrego percorreu o ceo e comezou a treboar.

-Creo que falo en nome de todos cando digo que aceptamos- dixo o vello dos muíños.

-E falarás! Mais eu penso que non vai ocorrer nada, ho!- dixo a veciña da casa de pedra.

-Arre demo! Mira que tedes ganiñas de discutir!- rifoulles un veciño.

Pasou o tempo e chegou a noite anunciada, soltaron o galo e todo ocorreu con normalidade. Pasaron os días e cada vez o solsticio atopábase máis próximo e non se tiñan noticias de que o galo aparecese.

Chegou o frío, e con el as borrascas. E unha noite desas, sen lúa e con moita brétema, o galo apareceu na ladeira da montaña. Non será até o día seguinte que descubrirían a aparición da ave.

Xa amencía a véspera do solsticio en Barrañán e o pastor, que xa andaba esperto, deu a voz de alarma:

-Vide, vide! Apareceu o galo!

E houbo festa, troula e foliada. Todos os veciños festexaban a aparición do animal. Todos, agás a veciña da casa de pedra, que ocultaba os seus poderes coa néboa máxica. Ninguén se decatara de que o galo non era o mesmo! E ninguén se percatara entre tanta festa, troula e foliada do paro de transcorrer do tempo.

Por estes feitos ese lugar sería nomeado pola veciñanza como O Galo.

“DE VOLTA AO PASADO”

Abrinlles a porta e comezamos a subir as escaleiras unha tras outra. Eu como guía turístico ía diante e Gabriel e Alba detrás, eran uns turistas de Madrid. Mentres subíamos eu íalles contando a lenda da Torre de Hércules, o lugar onde estabamos. Isto era o meu oficio, subir as escaleiras e informar aos visitantes da orixe da Torre, desfrutaba do meu traballo, gustábame todo o que facía menos ter que falar ou en castelán ou en inglés aos estranxeiros, xa que non era a miña lingua materna, o galego. Nese momento estáballes a contar como o heroe Hércules acudiu ao rescate do pobo atacado polo xigante Xerión emprendendo unha batalla de tres días contra o ser mitolóxico, dende diante podía ver a cara de fascinación e asombro da parexa madrileña. Chegamos arriba e escoitei a Gabriel chamarme, “Antón”, xireime para ollalo e esperei a que continuara *“¿Entonces es cierto que Hércules después de ganar le puso a la ciudad el nombre de su primer amor? ¿Cómo se llamaba la muchacha?”* non podía crer que me preguntara iso cando llo acababa de dicir, máis non me quedaba máis remedio ca responder *“Según la historia si, es cierto y el nombre de la chica era Crunia”*. Tras isto ao ver que xa levaban un ratiño longo facendo preguntas repetindo o que lles acababa de dicir decidín facerlles unha pequena trastada. Pensei que podería dicirlles e cando xa souben que podía inventar carraspee para chamar a súa atención, eles xiráronse expectantes e eu comecei *“¿Sabeis qué?”* pregunteilles *“La leyenda también cuenta que después de esa batalla murieron tres personas en lo alto de la Torre y que a partir de ese día, y justo en ese momento en el que los cuerpos tocaron la tierra y murieron, cada tres siglos vuelven a caer tres caminantes de la misma forma que lo hicieron los tres primeros, y todo para honrar al semidiós y hacer que el gigante Xerión siguiera en su profundo y eterno sueño”*. A súa cara de puro terror era de espectáculo, teño que conseguir non rirme, pensei, e puxen todos os meus esforzos niso. De pronto Alba atreveuse a falar a pesar de todo *“Pe-pero ¿por qué cada tres siglos y tres personas?”* tateou ela insegura *“¿No es lógico? Porque eso fue lo que duró la batalla entre Hércules y el gigante antes de que el primero venciera”*. Coa súa cara de medo pediron volver a baixar, o que eu non sabía era que todo o que inventara fóra certo e que cando o descubrira íame embarcar nunha perigosa aventura co pasado.

Pío o can descubridor

Ola, chámome Manuela, teño 10 anos e vivo nas Encrobas. Vouvos contar Como grazas ó meu can Pío atopamos o Castro do Coto de Guichar nas Encrobas

Pío é un can que coma quen di só lle falta falar. É intelixente e moi cariñoso. Un día de outono quedei coa miña amiga e veciña Matilde para ir dar un paseo con Pío e ver como traballaban as máquinas xigantescas que chegaran á mina das Encrobas. Meu pai traballaba alí de maquinista, nunha delas. Todo cambiou dende o descubrimento da mina, case todos os homes da parroquia traballaban alí, Pero para min e para Pío o peor é o ruído, sobre todo cando usan explosivos.

Ese día era tranquilo ata que de súpeto escoitouse un estrondo e Pío botouse a correr velozmente. Matilde máis eu berramos e corremos detrás súa, mais ao pouco perdémolo de vista. Buscámolo ata o solpor, Sen ter rastro del, voltamos moi apenadas á nosa casa. Ó pouco de voltar á casa chegou meu pai e conteille o acontecido, e prometeume que o día seguinte buscaría na mina por se estivera alí perdido. Tal como me prometera, fixo todo o posible por atopalo, mais non atopou rastro del. Meu avó que me escoitara falar con meu pai, veu xunto a min e aloumiñoume secándome as bágoas mentres me dicía que Pío ía volver, que era un can moi listo e sabía perfectamente o camiño á casa, mais para alegrarme díxome que ó día seguinte iríamos apañar castañas e asariámolos. Así foi, mentres as apañábamos eu ía poñéndome cada vez máis Contenta, aínda que seguía pensando bastante en Pro, cando de súpeto escoitamos uns óuvemos, ó principio meu avó díxome que iríamos marchando pouco a pouco sen facer escándalo por se eran lobos, e mentres marchabamos démonos conta que eran ladridos e... Era Pío, nós moi contentos tentamos descubrir de onde viña o son, levounos un anaco. Fomos para un lado para o outro e non atinabamos, mais non paramos ata atopalo. Finalmente atopámo-lo cunha pata de adiante atrapada nunha pedra moi grande. Nós con bágoas nos ollos tentamos axudarlle a saír de alí.

Cando o conseguimos vimos a Pío sen forzas, levaba alí case tres días. Levámolo á casa para darlle de comer e aloumiñalo. Ao día seguinte chamamos a un curmán meu que é arqueólogo para que nos dixera de que se trataba dun Castro moi antigo e que se chamaba o Castro do Coto de Guichar.

O segredo de Betanzos

Era un día coma outro calquera en Betanzos. Había un rapaz que sempre que podía ía a un bar chamado o Candil. Un día estaba Xabier, o rapaz, tomando un albariño pola mañá. De súpeto entrou no bar un señor moi misterioso. O señor misterioso mirou de esguello a Xabier, pero, Xabier ó fixarse un pouco máis descubriu que non era un señor: era unha rapaza.

—Chámase Carmela, é a miña filla —agregou o camareiro.

A cativa era fermosísima, co pelo louro e uns ollos azuis que hipnotizaban a calquera. Carmela tiña algo raro: semellaba unha impresión de que era mala, pero non mala, malísima! Carmela achegouse a Xabier e díxolle:

—Ola, Xabier, apetéceche ir á praza dos irmáns García Naveira? Escoitei que hai unha churrería moi boa.

Xabier aceptou a invitación, pero só para non quedar mal diante de todos. Xabier e Carmela saíron rumbo á praza, que estaba moi preto do bar e, cando ían de camiño, Xabier atopou unha nota que dicía: «Se queres ver o líquido do interior, tes que cortala». Na carta faltaba unha palabra, pero Xabier non lle deu moita importancia e seguiron camiñando.

Chegaron á praza e non había ninguén. Achegáronse á estatua que hai no centro e nun abrir e pechar de ollos caeron por unha trapela que fora construída no século XVIII. Ao caeren petaron coa cabeza no chan. Os dous amigos, desorientados polo golpe que levaron, empezaron a investigar pola habitación na que estaban atrapados. Xabier, canso de intentar saír de aí, sentou no chan e activou un botón que abriu de súpeto unha porta. Entraron pola porta e encontraron unha carta. Xabier, con moita precaución, aproximouse á nota, que dicía: «Tes que chegar ó medio do labirinto e no seu interior atoparás a esencia de Betanzos».

Xabier era un experto dos labirintos, xa que os practicaba co seu pai, digamos que era o seu pasatempos favorito. Pasaron horas e horas intentado atopar a saída, pero non a daban encontrado. Xabier, nunha destas, atopou un coitelo, que utilizou para abrirse camiño ao medio do labirinto. Pero houbo un problema: tras furar moitas capas de follas e setos deron cunha capa moi dura, pero non unha capa normal: era de madeira. Xabier intentou furar, pasou cinco horas intentado furalo ata que o conseguiu. Atravesaron a capa de madeira e chegaron ao centro e o que atoparon foi impresionante: unha tortilla! Xabier, ao ver isto, acordouse da carta que atopou ó principio e sen dubidalo cortou a tortilla á metade. Cando o fixo, saíron unhas escadas do teito. Subíronas e saíron no bar do principio. O que non sabían é que se meteran nun bucle temporal!

Carral:

CARTA 1:

Carral, que ten este lugar? É bonito, fermoso, pero...

Moitos din que os pobos non son como as cidades, que nos pobos todo é diferente, en resumen, *habelas hailas*, pero parece que non viñeron a Carral, o que ata nos pobos son verdadeiras estupideces, contos de vellas ou mesmo tolemias, aquí son a pura realidade. Acontecementos arrepiantes que, en caso de velos, desexarías esquecer, cousas que nin o mismísimo díaño podería concibir... todo isto é verdade, aquí, só aquí, en Carral, aínda que nin os carralexos o crean.

Xa llo dixen a todos en máis dunha ocasión, pero alguén me fixo caso? Non. Para que?

O único que fixeron foi chamarme tola, mesmo me recomendaron buscar un psiquiatra. Pero que se lle vai facer, non é culpa súa, se eu fora eles tampouco o crería.

E seguro que ti que estás a ler o que escribo, tamén pensas que estou tola. Se che son sincera, as veces eu mesma dubido da miña cordura, pero xa non queda nada... ao finalizar esta escriba, vou rematar coa miña vida.

CARTA 2:

Todo comezou aquel día. Ao contrario do que moita xente pensa, os días coma este

non son de todo normais, para min polo menos. Espertei cun desacougo no peito, deste que se ten despois dun pesadelo terrible, mais aquela noite non houbo pesadelo algún, non, o pesadelo estaba a piques de comezar.

Esta mañá, os paxaros cantaban diferente, non sei, pareceume que estaban tristes, pero claro, agora, para min, todo semella triste. Aínda que o día era como outro calquera en Carral, era como se un manto de escuridade tinguira o ceo, podrecera o aire e entumecera o meu corpo.

Sáín á rúa, para a miña sorpresa, non había ninguén... vivo...

Os cadáveres que achei en todas partes carecían de sangue, de ollos, de cor... Que era todo aquilo...? Só sei que eran mortos coñecidos.

O teléfono non funcionaba, non había ninguén vivo na comisaría nin en ningures, só mortos cos que había falado, discutido, compartido momentos, pero nunca foron amizades, ninguén o é nin o foi nunca. O medo apoderouse de min e fuxín, por algunha razón, ao cemiterio de Paleo, o meu refuxio e santuario... ata agora. Pero o que atopei alí...

As tumbas... valeiras... só cartas... cartas para min... Nelas dicía que debía documentar todo o que acontecera hoxe... ti es testemuña de que o fixen... verdade?

Entón, unha aparición amorfa, arrepiante e familiar, coma a dos meus pesadelos, pero eses pesadumes son outra historia que xa contarei, deixouse ver diante de min e dixo:

Ti fuches tachada de tola, co tempo pensaches que o eras, pero nunca o fuches. Agora, o teu sacrificio será un aviso para o mundo enteiro: As forzas infernais acabaremos coa mesma existencia! O fin do mundo xa está aquí! E ti serás a nosa portavoz, pero sen palabras, senón coa túa morte.

Dito isto, marchou, e eu, agora, vou facer o que ditan as cartas, voume quitar a vida...

AS LAPIDARIAS DE CRISTAL

Dende hai moitos anos a xente pregúntase cal é o grande misterio que envolve á Praia dos Cristais de Laxe; A resposta a esta pregunta remóntase a moito tempo atrás, concretamente á década de 1960 cando aínda non había plantas de tratamento de residuos. Por eses tempos as persoas que vivían en Laxe e nos arredores depositaban todo o seu lixo nesta Praia. Na súa maioría todo isto ía a parar ao mar que, pouco a pouco se ía contaminando. As bravas augas tragaban con todo o que se lle vertía, sobre todo vidro. Mais, coa chegada da primavera unha familia de baleas visitou a nosa costa. Estes cetáceos, estaban fascinados pola beleza e brillo do que eles pensaban que eran diamantes. Así pois, decidiron comezar a exercer como lapidarios: eses mestres que, ninguén sabe de que maneira, comezaron a darlle forma a todas e cada unha destas pedras preciosas que forman parte desta máxica Praia. Aínda a día de hoxe as nosas maravillosas lapidarias visítannos cada primavera para continuar coa súa labor ou simplemente para comprobar que todo sigue en orde. Grazas a elas podemos contar cun lugar tan cautivador como o é este.

HISTORIA DE AMOR DE CARMELA

Carmela era unha viuva de setenta anos. Vivía nunha casa pequena, e tiña unha filla e unha neta, Laura.

-Avoa, como coñeciches ao avó? -preguntou a nena unha tarde mentres as dúas comían a merenda no sofá do salón.

-Ai, neniña, é unha historia moi longa.

A nena quedou mirando para ela. Quería que lla contase toda. Entón Carmela empezou a contar.

Hai moitos anos, tantos que xa nin quero acordarme do ano exacto. Eu era unha moza de 19 anos, moi guapa, loira e delgada, e moitos rapaces andaban detrás de min.

Pero que queres que che diga, neniña, a min non me gustaba ningún. Parecíanme todos igual de serios e aburridos, por iso non andaba con ninguén.

Cada ano os meus amigos e mais eu iamos ás festas da miña aldea, Bemantes. Era un sitio pequeno, pero onde se coñecía todo o mundo, e foi aí cando o vin por primeira vez. Levaba unha camisa granate e uns pantalóns negros con tirantes, e ía acompañado dun amigo meu, Antón.

-Mira Carmela, ese é Roque -dixérame a miña amiga cun sorriso sospeitoso-. E amigo de Antón. Tráeno para que vos coñezades.

-Pero que dis! Eu non quero nada con ninguén, Elvira.

-Veña, anda faino por min.

Aquela primeira noite pasáraa enteira falando con el. Os meus amigos Antón e Elvira, que eran mozos, marcharan os dous e deixáranos a nós na festa. A miña primeira impresión del foi que era un rapaz coma outro calquera: un crido, un porco e un aburrido. O resto dos días da festa estivemos os catro xuntos, e non me quedou outra que facer migas con el.

A primeira vez que me dei conta de que non era coma o resto, foi un día que fomos os catro á taberna pola noite. Os nosos amigos estaban pasándoo ben eles dous, e como non pintabamos nada alí, marchamos. Levoume a un sitio moi bonito onde se vía o mar e o porto da vila veciña. Contoume a súa historia, e dende ese día, comezamos a quedar os dous moito mais. Pasábao tan ben na súa compañía.

Co tempo pediume saír, eu díxenlle que si sen pensalo. Moitas noites Roque viña á miña casa e tiraba pedriñas na miña ventá. Xuntos, escapabamos ata o amencer, cando eu volvía a casa para que os meus pais non sospeitasen nada.

Éramos felices, Laura, moi felices. Pero non todo é perfecto. Ao final do verán díxome que tiña que marchar. Comezou a guerra, e el tiña que participar. Todos os días escoitaba a radio para saber se estaba ben. Chorei moito mentres esperei por el, sempre pensando se estaba ben ou se lle pasara algo.

Pero volveu, volveu a casa. Xusto ao baixar do tren, axeonlleouse diante miña e sacou un anel do seu peto.

-Queres casar con migo, Carmela?

Chorei os sete chorares, e díxenlle que si, como non!

Pouco despois, tivemos á túa nai. Vivimos toda a vida nunha casiña, os tres, xuntos e felices.

Dende que morreu cada día o voto mais de menos.

Pero, sabes que? Pensoo, e tiven moita sorte de poder compartir parte da miña vida con el. Oxalá ti encontres a alguén así, Laura. Alguén coma o teu avó.

FIN.



AQUELES PASOS QUE NON SE ESQUECEN:

Nunca pensei que unha cousa tan pequena como un arco de flores puidese gardar tantos recordos.

Teño 15 anos, e este foi o primeiro ano que bailei na danza de arcos. Dende fóra parece sinxelo: mozos e mozas bailando polas rúas, vestidos de branco, levantando os arcos con cintas de cores. Pero cando estás dentro, é outra cousa. É emoción, nervios, música, suor, olladas, risas contidas... e tamén unha especie de maxia que non se pode explicar ben.

O primeiro ensaio foi un caos. Todos riamos, equivocabámonos, algúns non sabían nin como coller o arco. Pero pouco a pouco empezamos a collerlle o ritmo. Os pasos ían encaixando, e comezamos a sentirnos parte dun grupo. Eu non coñecía a todo o mundo, pero iso non importaba. A danza únese a xente, fainos camiñar e xirar á vez, como se fose unha especie de coreografía emocional.

O día grande foi unha mestura de todo. Cando me puxen o traxe branco e me fixeron o peiteado, mireime ao espello e case non me recoñecín. Estaba nerviosa, si, pero tamén orgullosa. Sentía que estaba facendo algo importante, algo noso.

As rúas estaban cheas de xente, e a música soaba forte, coma se quixese abrazar todo Cariño. Ao principio sentín que me tremían as pernas, pero cando collín o arco e comecei a bailar, todo desapareceu. Só quedaba o son da gaita, o arco nas mans, os pasos marcados e os sorrisos da xente.

Houbo un momento, cando pasamos pola praza, no que vin á miña nai entre o público. Estaba chorando. E eu tiven que tragar forte, porque entendín que aquilo que estaba facendo non era só unha danza. Era unha lembranza que ía quedar para sempre. Para min, para ela, para todos.

Cando rematamos, tiñamos o corpo canso pero o corazón cheo. Un rapaz do grupo díxome que bailara moi ben, e eu sorrínlle coma unha parva. Non era por el (bueno, quizais un pouco), era porque todo o que sentía estaba condensado nun momento: bailara, por fin na danza de arcos de cariño.

Agora o arco está no meu cuarto. As flores empezan a murchar, pero non me importa. Porque cada vez que o vexo, lembro ese día, esa sensación, e ese saber que, por unhas horas, fun parte dun baile máis grande ca min.

E se pode, o ano que vén, volvo. Porque hai pasos que non se esquecen.

"XUNTANZA"

O sol brillaba no ceo mais non quentaba moito, o recendo do mar e o son das ondas batendo contra os altísimos cantís facíanme sentir tranquila e liberada dalgún xeito. Ademais, foi un día especial porque por fin puiden coñecer á miña neta Erea. Non era sen tempo, que xa vai cumprir un ano! É unha nena moi feitiña e creo que lle caín ben porque foi a única que se riu das miñas pallasadas. Súa nai segue distante comigo, ignórame e non me fala dende aquel día que discutimos por teléfono cando eu ía conducindo e veu aquel camiión grande cara min. Pero finalmente, hoxe xuntámonos en San Andrés de Teixido, ao que tiña pendente de vir, e agardo que a partir de agora as cousas vaian a mellor.

A CRIATURA DE OROSO

Conta a lenda que as noites de lúa chea sae unha criatura estraña en Oroso. A última vez que se avistou foi o mates 23 de xaneiro.

Hoxe acabo os exames e vou con Lorena para clase. Na clase meus compañeiros contaron que viran una criatura pero dixenlles que iso era una lenda e que non existía. Polo camino de volta vimos a uns nenos sair correndo do bosque pero non lle demos maior importancia.

Esa noite fomos de festa co noso grupo de amigos. Pasadas a 2 da noite, non nos decatamos de que esa noite había lúa chea, e apareceu una sombra e a xente comenzou a correr. Erik plantoulle cara e achegouse. A criatura comenzou a atacarnos e comezamos una guerra. Despois de media hora pelexando paramos e preguntámoslle, porque comenzou a atacar e asustar a xente e contounos que facía isto porque a noite de Samain os seus pais non lle deixaron ir a pedir caramelos cos seus amigos e estos non quixeron saber máis del, entón. Agora dedícase á asustar a xente e atacar. Erik, Lorena e mais eu dixemoslle que podía se do noso grupo de amigos e sair con nós. Este dixo que sí e así comenzamos a quedar e a facernos mellores amigos.

A HISTORIA DE TROI

Un día no río do Carboeiro vin unha persoa misteriosa verter un líquido no río e logo desapareceu detrás dunha árbore. Dous días despois, volvíno a ver no río e ía cun ser estraño, achegueime para ver o que era. Resultou ser unha troita, só que mais grande, con patas e andaba de forma bípede. O señor e a troita foron a un caseto do Carboeiro onde o home ensináballe ao animal a roubar obxectos para el. Dende ese día empezou a haber moitos roubos na vila e a policía non sabía quen era o que entraba nas vivendas a roubar, debido a que non había pegadas dactilares, xa que era unha troita a que roubaba. Eu fun a comisaría de policía de Oroso e conteilles quen era a persoa que roubaba, porque sabía onde estaba o caseto onde almacenaban os obxectos. Ao principio non me creron que o que roubaba era unha troita, pero logo cando os levei ao caseto xa me crían. Despois o señor misterioso foi preso e a troita ensináronlle que roubar esta mal e deuse conta do mal que fixo e así adoptárona como a mascota do concello chamándoa Troi.

UN AMOR ILUMINADO POLO MAR.

Por primeira vez estaba cos meus amigos no cámping de Louro, Muros. Pero xusto despois de colocar as tendas, comezou a chover. Non podiamos ir á praia, mais estabamos dispostos a divertirnos, así que decidimos emprender unha aventura subindo ao monte de San Francisco, pero enseguida nos perdemos.

Pouco despois, Martiño atopou unhas rochas con figuras de espirais. Non sabiamos o que eran e, cando iamos pasar delas, chegou un ancián que nos contou que eran petróglifos, gravados en pedra de orixe prehistórica e que ninguén conseguira descifralos.

-Sabela, isto parece un cabalo! -Dixo Antía.

-Si, e creo que este cabalo tira do sol en dirección ao Monte Louro -contestelle.

-Creo que é un sinal para que vaíamos alí -comentou Martiño.

Lois contou que no Monte Louro era onde antigamente se refuxiaban os piratas. Así que nos pareceu unha idea estupenda. Mereceu a pena, xa que ao leste víamos a ría e a praia de San Francisco, e ao oeste había unha lagoa a punto de desbordarse, xunto a unha enorme praia con dunas e o océano con enormes ondas.

De súpeto, quedámonos abraiados: a lagoa desbordou e separou a area da praia facendo unha canle co océano. Mesturouse a auga do mar coa da lagoa, formando un río cunha forte corrente. Antía comentou que se estaba producindo o fenómeno ingüeiro, pois oíra falar del nos libros da historia de Muros.

Decidimos baixar á lagoa de As Xalfas para ver máis de cerca este fenómeno. Cando chegamos, atopei un tronco enorme flotando na lagoa, e como son moi aventureira, decidín que nos subísemos, pero a resaca do mar arrastrounos a través da canle ata o interior do océano. Non podiamos facer nada, e Lois caeuse do tronco polo seu mal equilibrio, mais logo conseguiu subirse de novo. Despois de varias horas agarrados ao tronco, acabamos en Carnota.

No medio do océano, aparecían edificios, así que remamos ata eles, pero era un espellismo! Martiño explicounos que era a "fata morgana", un fenómeno producido cando o sol quenta a atmosfera sobre a terra e o mar. Alucinabamos!

Estabamos esgotados, e xa anoitecía.

A posta de sol era tan bonita que decidimos quedarnos a observala. Con tantas aventuras, non tiveramos tempo de xantar nada e mentres Martiño e Antía foron a comprar algo para comer, Lois e máis eu, xusto cando o sol se ocultaba no horizonte, vimos un raio verde. Lois explicoume a lenda de que cando dúas persoas ven á vez este raio, quedan namoradas. Nese intre, démonos un bico.

Logo comemos todos xuntos baixo a lúa e Lois e mais eu decidimos celebrar o noso

noivado bañándonos na beira. A nosa sorpresa foi cando descubrimos que o mar celebraba con luces resplandecentes o noso amor. Antía correu cara a nós para dicirnos que se estaba a producir o Mar de Ardora, un fenómeno natural provocado por unhas microalgas, que teñen unhas células capaces de xerar luminiscencia.

Desde entón, volvemos todos os veráns a estas terras.

Era 27 de novembro de 1957, os primeiros raios de luz do día despuntaban polo horizonte. Xela xa levaba un anaco esperta, mirando para o teito do seu cuarto. Tiña os cabelos escuros e lixeiramente rizados, unhas notorias meixelas tinguidas discretamente de vermello; as roupas que levaba estaban estragadas, e a súa complexión era delgada, pero poderíase dicir que o que máis destacaba da rapaza eran os seus ollos verdes, que, sen dúbida ningunha, proviñan da xenética do seu pai.

Nun par de chimpos baixou as escaleiras ata a cociña e, como xa era costume, bebeu un grollo de leite canda unhas migallas de pan e emprendeu o camiño ata o porto da Coruña. Alí, dende había xa un tempo era todo un feixe de emocións, algunha positiva había, non vou dicir que non, mais as tristuras eran superiores e moito máis comúns. A xente non facía máis que emigrar e os que quedaban agardando o seu regreso só se lamentaban e choraban. Polo camiño, sempre chegaba o recendo da fábrica de tabacos da Palloza, que se situaba tan só a un par de minutos. Ao chegaren alí, mesturábase co fume das embarcacións que botaban a áncora en terras galegas e facían daquel un lugar aínda máis sombrío.

Aquela mañá, partía o buque “Juan de Garay” con destino Bos Aires, Arxentina. O nodo franquista, dábaos a coñecer como un momento feliz, pois abandonaban a patria “perfectamente atendidos e acondicionados”.

A Xela chamoulle a atención un rapaz que se dirixía ata o peirao canda seu pai, ambos chorando sabendo que non ían volver a verse, el emigraba, o rapaz ficaba. As bágoas do cativo escorrían polas súas meixelas, tiña un chorar un tanto escandaloso, debeu ser por iso polo que chamou a atención de Manuel Ferrol, fotógrafo que se atopaba pola zona e que estaba a inmortalizar a escena. O que ningún dos presentes sabía era que, décadas despois, esa fotografía sería recoñecida por todos como “o rapaz que puxo rostro ao drama da emigración” malia o intento do nodo franquista por censurar o traballo do fotógrafo.

Xela ía todas as mañás esperar o regreso de seu pai, coa mesma esperanza de sempre. Na mentalidade dun neno todo é posible mais, a súa nai levaba xa un tempo agochando que non lles chegaba correspondencia, inventaba acontecementos para transmitiirlos á súa filla e así, polo menos, vela medrar coa idea de que seu pai era un home digno e exitoso pero, sobre todo, para facela feliz.

Era aquela unha solleira mañá de verán na que Marcos estaba preparándose para surfear as poderosas ondas que viñan do Océano Atlántico e rompían na area da praia de Orzán.

Alí estaba, dende moi cedo collendo ola tras ola cun novo amigo que coñecera ese mesmo día, o cal parecíalle moi familiar e chamábase Luis.

Notábase o ben merecida que estaba a bandeira azul que alá ondeaba, unha bandeira que se lle outorga a moitas praias que son respectuosas co medio ambiente e que son perfectas para facer deportes de auga. Como os dous mozos estaban exhaustos de facer tanto deporte, decidiron ir mercar un xeadro para descansar uns minutos. Pero no camiño de volta á praia Marcos de súpeto perdeu de vista ao seu amigo, empezou a buscalo por todas partes pero non o atopou; preguntou á xente do redor, turistas sacándolle fotos ao mar, mozos xogando vólei praia, nenos pequenos xogando na area pero non deu resultado. E foi aí cando viu a táboa de surf do seu amigo frotando na auga sen ninguén enriba dela, non o pensou dúas veces e lanzouse ao mar para buscalo.

Xa nas profundidades do mar sentiu o suave roce dun animal, ou iso pensou el, pero ao xirarse atopouse co seu amigo. Mirouno ben de arriba a abaixo e tiña algunhas partes do corpo recubertas de escamas, que brillaban coa pouca luz que chegaba alí abaixo.

–Por fin teño un acompañante. –dixo Luis mentres se o levaba entre as algas quilométricas que alí oscilaban, ata que non viron nada máis que o cor verde.

A partir dese día, ninguén volveu saber deles. Pero contan os cidadáns que esa mañá apareceu outra estatua máis na Fonte dos Surfistas, que nun principio só era unha.

Xoana era unha nena de 17 anos que vivía en Santiago. Ela era como a maioría de adolescentes, fumaba, bebía alcohol, comía comida basura... Pero era súper lista, aprobaba todos os exames, e lle gustaba investigar e socializar. Un día no bachiller unha amiga súa andaba dicindo que ela era unha "nena fácil", e ela enfadouse, cousa normal, xa que tiña problemas de ira entre outros trastornos.

Ela foi xunta Xandre, o rapaz que inventara o rumor, e colleu unha cadeira e lanzoulla, rompéndolle 3 costelas, a cadeira e un ligamento do xeonllo. Despois destes feitos levaron-na a un psiquiátrico, especificamente a o psiquiátrico de Conxo. Cando entrou había un rapaz gritando e resistíndose a que o agarraran entre dous coidadores, Xoana empezou a rirse del e a continuación foi a recepción para pedir información. A recepcionista era unha "pija", a típica que se cree moito e non é nada, cando veu a Xoana botouse a rir e di -Si, que desexas? Eres Nova?- Xoana case lle da outro ataque de ira pero controlouse e dixo -si, son nova, e ti quen eres? A listilla do psiquiátrico ou que- a recepcionista enfadouse -Son Xulia, e desde logo eu non teño que vir a un psiquiátrico coma ti- di con cólera. Xoana de mala gana dille -Onde raios teño que ir- Xulia indicalle donde queda a sala do director e Xoana dalle as grazas mentres se dirixe ao despacho do director.

O director era un señor aproximadamente de 45 anos, con canas, e con un sorriso dille, -Hola, ti eres unha nova paciente non?- ao tempo que a observaba e analizaba cada un dos xestos de Xoana. -Si son eu, vasmе facer un informe?- preguntalle ela con moito interese.

Despois da entrevista co director, vaise a súa habitación e nun dos pasillos atopase co rapaz ao que estaban intentando agarrar antes os coidadores.

Xoana non exteriorizaba a súa lelicia por haber coincidido con el, pero ela desexaba estar aí. Mentres ordenaba as súas cousas na habitación deuse conta de que o rapaz lle miraba moito, ao rematar de ordenar séntase na súa cama e tamén mira ao rapaz.

-e ti que, que miras rapaz- di ela intentando facerse a moi interesante.

-miroche a ti señorita- di el mirandolle desafiadamente.

Ela intenta disimular o seu enamoro -Señorita Xoana, e ti rapaz?- di ela

-Chámome Xoel, encantado Xoana- di el cordialmente

-Agora non me veñas en plan cabaleiro- di ela mirando a outro lado.

-A princesiña enfadousenos, ou?-di el ríndose.

-cala ou cala- di tapándose a cara xa que sonroxouse -E por certo, porqué estabas gritando cando che estaban agarrando os dous coidadores?- di ela con intriga.

-soamente me querían facer tomar as miñas pastillas- di el con tranquilidade.

-e porqué non as queres tomar?- di ela mirándoo raro

-saben ben raro, e fanme sentir mal e despois teño nauseas- di con repelus

-bueno, non son quen para xuzgarche pois fixen cousas peores, pero bueno, amigos?- di Xoana

-amigos- di afirmando Xoel

EXTINCIÓNS

Sentada a carón das ruínas da antiga Baleeira de Cee, en Caneliñas, miro cara o mar bravo e penso en todas as cousas que pouco a pouco se foron extinguindo.

Pecho os ollos e imaxino o traxín que un día habitou estas ruínas nas que, durante moito tempo, estivo en funcionamento unha industria na que as baleas eran o centro de todo. Esta fábrica foi a última en pechar en todo continente europeo e a día de hoxe é parte do patrimonio da Costa da Morte.

As baleas cazábanse en costas próximas e logo levábanse a Caneliñas, onde eran procesadas para obter aceite e produtos do máis diverso. Así, por exemplo, coas barbas dos cetáceos facíanse corsés para as mulleres.

Pero debido á intensidade da caza que sufrían estes animais, a súa presenza comezou a diminuír. Iso, engadido á presión do movemento ecoloxista contra a caza de baleas, fixo que a baleeira tivese que pechar.

Como consecuencia disto, moitas das persoas que traballaban alí tiveron que abandonar o seu emprego. Ao perder a súa ocupación, o seu xeito de vivir comezou a extinguirse, e con el, a súa felicidade. Algunhas persoas atoparon outro emprego que substituíu ao anterior, pero moitas outras tiveron que afrontar o gran baleiro interior que lles deixou a perda. Sentíanse sos e deprimidos, orfos do estilo de vida que os acompañara durante tantos anos.

Ao igual que se extinguiu a alegría das persoas que traballaban na baleeira, a día de hoxe, tamén se extinguiron outras cousas: as ganas da xente de xogar ás cartas nas longas tardes de inverno, as conversas que se mantiñan falando sen un teléfono de por medio... E iso levoume a pensar en todas as pequenas extincións que afrontamos cada día. Pouco a pouco, vanse perdendo as tradicións dos nosos avós e bisavós, os matices das cousas que marcaban o seu modo de vida: a cercanía das relacións veciñais, os traballos tradicionais, a ledicia que lles producía traballar en común...

Ao igual que quedan ao meu carón as ruínas da baleeira, así tamén quedan hoxe nas nosas vidas as ruínas dun pasado que os tempos modernos nos queren arrebatarse. Temos moita máis tecnoloxía, pero menos humanidade. Máis cousas materiais, pero menos momentos compartidos.

Regreso á miña aldea dándolle voltas a todas estas pequenas perdas. Cando chego á porta da casa, miña avoa sae e dáme unha aperta que me conforta. Decátome entón de que aínda quedan cousas importantes que, por sorte, non se extinguiron.

BÁGOAS DE MAR SALGADA

Dende o porto da Coruña embarcamos no Santa Isabel, un maxestuoso barco de vapor que nos levaría a comezar unha nova vida en América.

Collín forte da man a Uxía, e subimos a aquel barco enorme de madeira. Mentres deixábamos a costa atrás, non podía parar de mirar eses ollos cor azul ceo que eran o vivo retrato da miña defunta Eines. Qué pensaría ela sobre levar a Uxía a unha terra tan lonxe?... aínda que non podíamos escoitala, sei que ela a nos si.

Era a madrugada do 2 de xaneiro de 1921, xusto o cumpleaños de Uxía e a pesares do movemento intenso do barco aquela noite, quedou durmida no meu regazo.

En canto espertou lle din as felicidades xunto co colgante de prata que a súa nai levaba, así a tería sempre cerca dela. Quedámonos un bo rato sumidos nunha aperta.

Estábamos cerca de Vilagarcía, por Sálvora, facía unha terrible tormenta e sentín que algo non estaba a ir ben, dun momento a outro vexo xente berrando e tirándose a auga... qué narizes estaba acontecendo!!! ...agarrei a miña filla forte pero de supeto unha ola xigante me fixo caer do barco levándome arrastrado cara o faro, Uxía!!!... miña nena!!!... quedei paralizado ao ver que cada vez me afastaba máis do barco, desexaba con todo o meu ser que Uxía estivese ben ata que de súpeto me vin ensangrentado por riba das rochas, o derradeiro que puidera ollar fora o barco partido pola metade por culpa do Con de Lapegar. Espertei na Praia do Almacén cun frío arrepiente envolto na paz de ver que a miña filla estaba con vida sendo levada por tres mozas cara a praia nunha barca, corrín o máis rápido que puideron pero sentín un arrepío percorrer o meu corpo ata o punto de caer na area e cando me levantei atopeime nun fondo escuro, nese instante souben que o meu último desexo de que Uxía saíse con vida, costárame a miña.

O secuestro do 12 de setembro

O día 12 de setembro, a profesora Uxía estaba no instituto preparando a clase para os alumnos de 2ºA, cando de repente viu a unhas persoas que non coñecía. Foilles preguntar que facían aquí. Cando lles viu a cara desmaiouse. Ao espertar, Uxía estaba nunha furgoneta, cando parou, Uxía fíxose a durmida e atárona a unha cadeira. Os alumnos de 2ºA estaban moi contentos porque Uxía non chegara, pero cando pasaron 10 días e Uxía aínda non chegara os alumnos e os profesores preocupáronse e denunciaron a súa desaparición. Mentras tanto, Uxía estaba moi asustada porque non sabía que lle ían facer. Ao día seguinte, Uxía tivo que facer un vídeo porque lle obrigaron. O vídeo recibíuno María, a profesora de física e química, e foi avisar a policía e ao director que estaban mirando as gravacións do corredor. Os policías miraron o vídeo e decatáronse de que Uxía estaba nunha granxa abandonada no concello de Ordes. Os alumnos de 2ºA enteráronse de onde estaba, colleron a súas bicis e foron camiño ás granxas abandonadas de Ordes. Cando chegaron á cuarta granxa decatáronse de que se escoitaban uns ruídos moi estraños. Cndo entraron viron unha cadeira con cordas pero Uxía non estaba. Os secuestradores, como eran tan listos, escaparon pola porta de atrás con Uxía. Os alumnos foron mirar ás granxas que lles quedaban, pero non encontraron nada. A mañá seguinte, Carla, outra profesora de galego, recibiu unha mensaxe nova dos secuestradores que pedían ao centro cen mil euros para soltala e dicían que só tiñan 2 días, que se non a mataban. Un rapaz da clase escoitouno e foi avisar aos seus compañeiros. Os profesores e os alumnos foron recadando todo o diñeiro que podían. Un neno publicouno nunha rede social a historia do que lle pasara a Uxía e que doaran todo o que puidesen. A mañá seguinte, a publicación recaudou moito diñeiro, todo o diñeiro que recaudou a historia máis o diñeiro que doaron os profesores e os alumnos chegaron a cen mil euros. Os secuestradores mandáronlle a ubicación aos policías. Cando chegaron, os policías encontraron a Uxía e aos secuestradores. Os policías ameazaron aos secuestradores con matalos se non lle daban a Uxía. Como os secuestradores querían o diñeiro primeiro, os policías disparáronlles. Polo que sufriu, Uxía tivo que ir ao psicólogo durante unha semana. Cando volveu ao instituto deulle as grazas a todo o mundo, e así seguiu dando clase por sempre.

A NOITE DOS FOGOS ARTIFICIAIS

Era unha noite en Santiago de Compostela na Festa do Santiago Apóstol, ese día era cando moita xente ía ver os fogos artificiais que este último ano botáronse en 3 sitios: A Cidade Da Cultura, a Alameda e cerca do centro comercial As Cancelas.

Nesa noite un rapaz cos seus amigos despois de que acabaran os fogos foron os atraccións, mentres estaban alí un home vestido de negro coa cara tapada estaba nunha esquina repartíndolle pequenas bolsiñas con substancias ilegais a uns rapaces bastante pequenos de 13 ou 14 anos aproximadamente. O rapaz chamado

Miguel colleu e contoulle aos seus amigos moi preocupado todo o que estaba a pasar, así que decidiron chamar a policía.

Cando chegaron os axentes o home foi detido e os rapaces quedaron sen a droga e foron para un centro de menores pola compra de substancias ilegais.

TROI

Era unha noite escura do 11 de maio en Oroso. Eu, Roque mais o meu amigo Víctor iamos para as nosas casas, despois de estar na famosa festa da troita. Somos veciños dende pequenos e levámonos moi ben. Ese día fomos camiño da casa pola mesma ruta de sempre ó carón do río Carboeiro; un río que dende facía anos tiña auga sucia, con fedor e dunha cor moi escura. Cando estabamos preto das súas augas sentín unha presenza extraña. Ó alonxarnos mirei para atrás e vin que un ser enorme con aletas estaba saíndo do río.

Rapidamente avisei a Víctor para que mirara pero xa era tarde e pensou que eu estaba tolo. Sen máis esa noite despedímonos e esquecemos o conto ata que, pasados dous días no telexornal anunciaron a desaparición de Xavi, un amigo.

Rapidamente Víctor, Xulia mais eu xuntámonos na praza para investigar o caso. Primeiro fomos falar cos pais de Xavi que nos contaron que ás 12 da noite do día anterior escoitaran un ruído raro na habitación do seu fillo.

Aínda atónitos polos acontecementos, ó día seguinte Xulia chamoume para dicirme que Xian, o seu irmán pequeno, tamén desaparecera.

De novo, volvemos a reunirnos para continuar coa investigación. Os datos que nos aportou Xulia coincidían cos da anterior desaparición: ruídos extraños ás 12 da noite. Terían algo que ver as desaparicións co extraño ser que vin saíndo do río? Sería ese ser un froito da contaminación?

Esa noite unha intrépida idea pasoume pola cachola. Ó espertar chamei a Víctor e a Xulia para contarllela:

- Cantas mozos e mozas do pobo coñecedes que comecen pola letra X?
- Catro: Xulia, Xavi, Xoel e Xián; dixo Víctor.
- Agora ordéaos alfabéticamente.
- Non entendo nada pero...Xavi, Xián, Xoel e Xulia
- A orde alfabética está marcando as desaparicións.

Sen embargo ambos marcharon incrédulos ata que ó día seguinte Xulia nerviosa chámame para confirmar a miña teoría, posto que Xoel tamén desaparecera. Agora era consciente de que ela era a seguinte.

Esa mesma tarde os tres xuntos decidimos ir á comisaría para explicarlles as nosas pescudas pero os gardas desestimáronas e non nos fixeron caso.

Sabíamos que esa noite lle tocaría a Xulia e ás 11:59 apareceu na súa habitación algo similar a unha troita radiactiva que a raptou. Víctor máis eu seguímola ata o seu escondite nunha cova do río.

Nesta ocasión a policía sí nos fixo caso e presentouse no lugar sinalado con dardos tranquilizantes.

Todos os nosos amigos saíron liberados e correron a abrazarnos mentras a troita radiactiva acabou nos calabozos.

Esos días fomos os heroes do pobo e saímos en tódolos telexornais onde animamos a que a xente limpase os ríos e contaminase menos para evitar

estas metamorfoses animais.

Catro anos despois, un científico orosán descubriu unha vacina para reverter os efectos perxudiciais da troita encarcerada. Dende ese momento “o ser” convertiuse en Troi, a mascota do concello de Oroso que anima a reciclar.

Había unha vez, un home que era moi larpeiro; tamén lle encantaba viaxar por Galicia, sobre todo gustáballe a provincia A Coruña.

El ía dando unha volta a toda Galicia, el probaba as comidas típicas, miraba se había moito lixo nas rúas, e tamén clasificaba a amabilidade da xente dos concellos galegos.

Un día a este home ocurriúselle a idea de ir a Betanzos, porque era un dos lugares que non había visitado, e tiña que ir porque Betanzos é un lugar de moita cultura. Ao chegar o primeiro que fixo, foi ir dar unha volta por todo o concello, esto o facía ademáis de para coñocer o municipio tamén era para revisar se había moito lixo nas rúas. Pasaron unhas horas e ao home entrólle a fame, entón o que fixo foi buscar en internet restaurantes con boas calificacións pola zona, encontrou un que se chama O Furancho da Ra, según internet este lugar era o sitio onde mellor se comía de Betanzos, chamou e reservou unha mesa para as dúas da tarde.

Chegaron as dúas e o home xa estaba no restaurante, o sentaron nunha mesa no primeiro comedor, un camareiro ao pasaren uns minutos achegouse ata a mesa do home e preguntoulle que quería para beber e para xantar, o home pediu caldo, cocido, e tortilla.

Pasaron 25 minutos e chegoulle o caldo, pasou outro ratiño e chegaronlle os outros dous platos.

Cando solo lle quedaba por papara a tortilla todas as persoas que estaban nese restaurante achegáronse a súa mesa levando un garfo na man, a xente parecía estar tola pola maneira na que ollaban á tortilla, a xente empezou a papar a tortilla do home, e o home solo conseguiu papar un anaco moi pequeno.

Ao que acabou de xantar foi a pagar, cobráronlle 17,70 Euros.

Marchou do restaurante e foi a dar outra volta por Betanzos, e o que fixo nesta volta, era ir preguntando á xente cal era o mellor restaurante para logo publicalo nun vlog. A xente repondeulle que era o Furancho da Ra, ese era o lugar onde el había estado!. De súpeto, o home apareceu no restaurante, o que había pasado era que a tortilla estaba tan boa que o home viaxou a outro planeta.

O misterio da Xunqueira de Cee

A Xunqueira de Cee sempre foi un lugar especial. O río das Laxes atravesábaa cun murmurio tranquilo, mentres os xuncos bailaban ao ritmo do vento mariñeiro. Os máis vellos da vila contaban que, cada primavera, na noite de San Xoán, algo máxico acontecía alí. Unha luz dourada aparecía sobre a auga, guiando aos que se atrevían a seguila cara un segredo esquecido no tempo.

Uxía, unha rapaza curiosa e soñadora, sempre escoitara aquelas historias da súa avoa. Contáballe que, hai séculos, unha moura habitaba a Xunqueira e que cada ano, na noite máis curta do ano, saía do río para conceder un desexo a quen tivese un corazón puro. Pero tamén advertía: “Só quen busca un ben para os demais, atopará a verdade”.

Aquela noite de San Xoán, mentres os mozos da vila saltaban as cacharelas e lanzaban flores ao mar, Uxía decidiu ir á Xunqueira. A néboa cubría o lugar cun manto misterioso, e a lúa reflectíase nas augas escuras do río. De súpeto, unha luz dourada apareceu entre os xuncos, tremendo suavemente como unha chama no vento.

Uxía seguiuna con coidado, avanzando entre a vexetación e unha voz doce, case un susurro, rompeu o silencio da noite:

—Sei que buscas a verdade. Se o teu corazón é puro, pide un desexo.

Uxía, sorprendida pero firme, non dubidou. Pensou en todas as persoas da vila que dependían do mar, nos seus avós, nos mariñeiros que saían cada día sen saber se volverían a casa.

—Quero que o mar protexa sempre a xente de Cee —dixo cun fío de voz.

Por un intre, todo ficou en calma. Logo, unha brisa cálida percorreu a beira do río, facendo que as augas brillasen con reflexos dourados. A luz esvaeceuse, mais Uxía sentiu unha paz fonda no peito.

Ao día seguinte, os mariñeiros regresaron coas redes cheas, dicindo que nunca viran o mar tan xeneroso. As árbores da Xunqueira floreceron coma nunca, e os máis vellos murmuraban que algo marabilloso acontecera aquela noite.

Desde aquela, cada primavera, as luces seguen aparecendo na Xunqueira. Algúns cren que son os espíritos antigos da vila, outros que é a moura agradecendo o desexo de Uxía. Mais todos saben que, cando o vento sopra entre os xuncos e a lúa brilla sobre o río, a maxia segue viva, gardando o segredo da Xunqueira de Cee.

O relato trata sobre o concello de Cee

UNHA HISTORIA POUCO COÑECIDA...

Eu vivo nun lugar onde o vento sempre sopra forte e o mar sempre está embravecido. A nosa vila é coñecida por moitos como a “noiva do vento”. E sabedes que? Vivo nun castelo con meu pai, e a miña irmá Florinda, protagonista desta historia.

O conto comeza un día normal, coma outro calquera, cando meu pai marcha deixándonos a Florinda e a min sós no castelo. De repente, a miña irmá escoita un cantar. Asómase á ventá e ve un mozo trovador de cantigas alzando a voz para ela. Trátase de Buserán, un mociño louro e moi guapo. Florinda namorase de Buserán e viven xuntos unha fermosa historia de amor.

O trovador improvisaba belas cancións para a súa amada e os dous eran felices ata o día que volveu meu pai, e, ao enterarse do amor entre a súa filla e o trovador, botou fóra do castelo a Buserán e encerrou a Florinda. Eu intentei abrirollle a porta da cela moitas veces, pero sempre o meu esforzo acababa en vano.

Aínda así, Buserán segue cantando para miña irmá polas noites aos pés da xigantesca muralla. Meu pai, enfurecido ao enterarse, ordena tirar ao trovador ao mar da furna.

Despois de moitos anos, Florinda é liberada e pasaba os días chamando polo seu namorado: “Buserán, Buserán, meu amado Buserán!”.

Eu dicíalle que non valía a pena, que despois de tantos anos non o ía encontrar. Pero ela non me facía caso e un día pediume que fomos dar un paseo. Cando chegamos moi preto da beira do mar unha onda coa forma de Buserán envolve a Florinda e arrástraa. Eu non sabía que facer e só pensaba como dicirlllo ao meu pai. Non podía crer o que acababa de ver pero o certo era que Florinda xa non estaba comigo.

Non o vou negar, aquel día chorei moitísimo, e cando llo contei a papá non lle gustou nadiña tampouco. Pero no fondo entendeu que Florinda quería moito a Buserán, e quería estar con el.

Ese día perdín á miña irmá, pero sempre que me achegaba ao mar da furna aínda escoitaba os fermosos cantos que o trovador lle cantaba a Florinda. E neses momentos eu sentía que aínda estaba abrazado a ela. Estaba triste e contenta ao mesmo tempo porque a miña irmá estaba co amor da súa vida.

Dende aquela a ese lugar chámase *furna da Buserana*, no concello de Muxía.

DOLMEN DE AXEITOS

Miles de noites estreladas,
visitado por xeracións de ribeirenses,
escoitando a brisa atlántica e
sentindo o calor da alma dun gran cazador nas miñas entrañas rocosas.

Fin

A illa de Sálvora

Hola, son a illa de Sálvora, eu teño moitas historias impresionantes pero a máis importante é dunha serea chamada Mariña que viviu na illa de Sálvora. Ela namorou dun cabaleiro, co que tivo un fillo ó que chamaron Mariño. A serea era muda e o seu marido decidiu curala, e na noite de San Xoán, el saltou a fogueira co seu fillo nas mans. A muller asustouse e escupiou un peixe que aniñaba na súa gorxa para poder gritar “FILLOO”. O home conseguiu curala pero el tívose que ir a unha batalla, onde faleceu. A serea co corazón roto, mergullouse nas profundidades do mar, e nunca se volveu a saber máis dela. Hai moito un rapaz chamado Martiño veume visitar e cando o guía lle contou a historia da serea púxose super emocionado xa que lle encantaban as sereas. El preguntoulle ós seus pais se podía buscar a serea no mar, pero os seus pais dixéronlle que non, que era moi perigoso. Martiño, triste foi coa súa familia a comprar un xeado e mais tarde foron á praia. O rapaz díxolle ós seus pais que ía ir en busca de peixes nunha poza, pero o que os seus pais non sabían e que non ía por peixes, ía pola serea!!. O neno meteuse na auga sen saber nadar e pouco a pouco foise mergullando ata que quedou sen respiración, cando de súpeto, unha muller con aparencia humana e coas pernas convertidas nunha cola de peixe, sacouno da auga e conseguiu salvalo. Martiño estaba asustado porque case ocorre unha desgraza pero ao momento de ver a esa muller recoñeceuna e cambioulle a cara por completo. ERA MARIÑA!!! O mozo prometeulle á serea e ós seus pais que non o volvería facer. Dende aquel momento, o rapaz e os seus pais veñen todos os meses a visitarme a min e á serea. Mariña mais eu estamos moi contentos de ser amigos de Martiño.

Este concello é importante por que é a capital de Galicia. O seu nome proven dunha lenda, un ermitaño descubriu que o apóstolo Santiago estaba soterrado nun campo baixo unha estrela brillante. En latín campo de estrelas decíase "Campus Stellae". Esta cidade ten varios monumentos como o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e a Praza do Obradoiro (nesta praza sitúase o Pazo de Raxoi onde están as dependencias do concello e da xunta; Pazo de Xerome, rectorado da universidade; e o Hostal dos Reis Católicos era un hospital para peregrinos que chegaban a nosa cidade; pero o mais importante é a Catedral de Santiago). A Catedral é un templo de culto católico, foi construído entre o ano 1075-1211. Existen catro entradas a Catedral: Acibechería onde artesáns traballaban o acibeche, pedra negra e brillante considerada talismán e amuleto dos peregrinos; Praterías onde os orfebres creaban xoias deste material; Quintana construída a dous niveis chamados Quintana de mortos e Quintana de vivos onde está a Torre do reloxo coa Berenguela é a Porta Santa, polas noites nunha esquiniña desta praza aparece o misterioso peregrino; e Obradoiro. Estas portas de entrada conteñen historias relacionadas con xeitos relixiosos para as persoas que non sabían ler. No século IX unha vez descuberta a tumba do apóstolo comezan a peregrinar persoas para chegar a Santiago. Este camiño empeza en moitos lugares: Francia (Roncesvalles o Somport), Portugal, Inglaterra, Oviedo (camiño Primitivo), Ponferrada (camiño Inverno) mais todos rematan na Catedral de Santiago así que hai moitos turistas nesta cidade que tamén visitan outras igrexas como Santa Susana, San Paio de Antealtares, San Fiz, San Martín Pinario, San Francisco, igrexa de Sar...

A nosa cidade ten varios lugares naturais como a Alameda, gran xardín urbano con moita variedade de especies de árbores, e onde hai esculturas de importantes escritores galego: como Rosalía de Castro, Ramón María del Valle Inclán, Isaac Díaz Pardo... Neste parque tamén esta a estatua das dúas Marías (Maruxa e Coralia) que eran dúas irmáns que paseaban con roupas extravagantes as dúas da tarde, por iso son tamén coñecidas como as dúas en punto. Tamén hai restos da exposición rexional de Galicia de 1909. O parque de Bonaval, o parque Eugenio Granell, Belvis, a granxa do Xesto, as brañas do Sar...

Outros lugares a visitar sería o mercado de Abastos dende o ano 1873, centro referente de produtos frescos en Santiago de Compostela onde podemos atopar mariscos, peixes, carne, pementos de padrón (que uns pican e outros non) e a típica tarta de Santiago elaborada con améndoas.

Cando se visita a nosa cidade podemos subir a vela dende o cumio do Monte Pedroso, Monte do Viso (onde existe unha senda mitolóxica onde podemos ver a seres fabulosos da tradición oral galega coma os mouros, a Breogán, meigas, o gatipedro, os biosbardos...) ou o Gaiás chamado tamén cidade da Cultura onde se pode desfrutar de espectáculos, concertos, exposicións e grandes vistas da cidade.

Animádevos a coñecer as marabillas e curiosidades da nosa estupenda Vila.

Risa de baldosa

No corazón da cidade da Coruña, agochada entre rúas cheas de vida e historia, atópase un espazo singular e encantador: a Praza do Humor. Este lugar non é unha praza común, senón un recuncho máxico onde a risa e a ironía se dan a man nun abrazo cómico e entrañable. A Praza do Humor é unha homenaxe viva aos grandes mestres do humor galego e universal, unha mostra da importancia da retranca e da sátira na cultura e identidade de Galicia.

Esta praza foi deseñada como un espazo aberto á alegría, á reflexión desde a comedia e á memoria dos artistas que fixeron rir xeracións enteiras. Esculturas, caricaturas e placas de pedra espállanse pola praza, representando personaxes e situacións que evocan sorrisos, risas e tamén lembranzas. Figuras como Castelao, Cunqueiro, ou incluso cómicos internacionais como Groucho Marx ou Chaplin, poden verse representados nese escenario de pedra e gargalladas.

Un día, un mozo chamado Santiago, que paseaba sen rumbo fixo pola cidade, deu por casualidade coa Praza do Humor. Nunca antes a vira, pero algo nela lle chamou a atención. Ao entrar nela, foi recibido por unha sucesión de esculturas e ilustracións cómicas que decontado lle despertaron a curiosidade. Comezou a pasear entre elas, lendo os textos que as acompañaban, e axiña se decatou de que cada unha tiña unha historia, unha anécdota, ou unha pequena broma cargada de significado.

As expresións esaxeradas das figuras, os xestos disparatados, as frases gravadas con retranca... todo contribuía a crear unha atmosfera lixeira, onde era imposible non rir. Santiago sentiu como se lle borrarán, polo menos durante un intre, as preocupacións da vida diaria. Aquel espazo tiña a capacidade de transformar o humor en algo curativo, case máxico.

A medida que ía descubrindo as diferentes esculturas, Santiago entendía mellor a alma galega, esa que se expresa co sorriso discreto, coa ironía intelixente e cunha capacidade única para rir de si mesma sen perder dignidade. Nese lugar, o humor non era só unha ferramenta para entreter, senón unha forma de ver o mundo, de sobrevivir ás dificultades con graza e sabedoría.

Desde aquel día, Santiago fixo da Praza do Humor un lugar de visita obrigada. Sempre que podía, achegábase alí, xa fose para rir, para pensar ou simplemente para sentir a compañía dos grandes humoristas que alí eran lembrados. A praza converteuse no seu recuncho favorito da cidade, un espazo onde a vida se vía cun filtro de comedia e onde o espírito galego brillaba con luz propia. Porque a Praza do Humor é moito máis ca unha praza: é un símbolo, unha celebración do espírito humano e do poder da risa como forma de resistencia, memoria e identidade.

Onde o azul non doe

Hazazel e seu pai vivían illados, entre néboas e árbores espesas, nunha vella casa de madeira ás aforas de A Coruña. O nenopasaba os días debuxando e falándolle a si mesmo, mentres seu pai quedaba sentado fronte ao televisor, absorto nos programas relixiosos que enchían o salón de murmurios sobre castigos, redención e pecado. Había tempo que a voz do home deixara de soar doce.

Hazazel tentaba non mdestar. Andaba de puntillas, tragaba as preguntas e agochábase cada vez que sentía que sobrala. Dende que súa nai marchara, a casa volvéase máis fría. Seu pai, máis afastado. Ás veces, ao velo de esgudlo, sentía que a súa ollada o atravesaba como se fose aire.

Unha noite, mentres se acurrucaba baixo as sabás, escoitou unha voz. Non unha calquera. Era profunda, allea, case líquida:

—A alma do teu fillo está corrompida polo pecado... Debes ofrecermos como sacrificio.

O pai non berrou. Non chorou. Só murmurou:

—Farei o que me pidades, Señor.

Hazazel sentiu que o seu corpo se conxelaba. Ergueuse dun salto. Coreu en círculos polo seu cuarto, buscando onde agochase, contencas bágoas. Cando escoitou o rechouclío das escaleiras, soubo que era real. Que o seguinte sería o gume.

Tropezou con algo duro. O seu vello baúl de xoguetes. Aquel que seu pai lle prohibira abrir porque cheiraba —dicián— a pasado pode. Hazazel abriu no con manstemoras e meteuse dentro. Pechou a tapa con forza. Alí, na escuridade, creu estar a salvo.

O clic foi xordo. A madeira, implacable. O aire, escaso.

Escoitou a porta abrirse. Pasos. Silencio. Despois, nada.

Mais na súa mente, algo rompeu. Xa non era Hazazel. Estaba a caer. A un mundo azul, con paredes e chan brandos, nun sepulcral silencio. Diante del, unha cara deformada pola dor brotaba da parede. Un coitelo agardábao no chan. Cdeleuno. Cravounona cara azul e un berrosaíu de dentro del.

Avarzou. Outra sala. Outro neno, igual ca el, choando. Pero Hazazel non sentía compaixón. Sentía rabia. Cravoulle o coitelo. O nenodesapareceu, e só quedaron

os seus ósos. Tocounos.

E entón, un raio de luz branca, cegadora, envolveuno. Flotou. E ao seu redor, imaxes do seu pasado: súa nai marchando. Seu pai cos ollos baleiros. O baúl. Silencio. O cheiro da madeira pechada. O osíxeno ausente. A soidade, e os seus desexos de non estorbar máis.

Hazazel viu a si mesmo. Un feixe de ósos, inmóbil. Aperto en posición fetal entre xoguetes rotos.

E comprendeu.

Nunca escapou. Nunca caeu. Só se durmiu, perdendo o aire poucoa poucoa, no único lugar onde sentía que non estorbaba.

E agora, era libre.

Libre de reunirse coa súa nai nas profundidades do río Miño, a cal decidira acabar co seu sufrimento saltando dunha ponte, sen pensar no seu fillo, de tan só 5 anos, Hazazel Moriah.

Era unha tarde soleada en Culleredo, e no IES Rego de Trabe e a profesora de linguagalega, Gere, estaba a queixarse na clase de 1º ESO. Como as súas lentes desapareceron por sétima vez no mes, xusto despois da clase, Mauro cavilou nunha aventura. Con todo pechado, dixo: "Imos buscar un tesouro na ría do Burgo! Din que hai un mapa agochado no instituto! Todos se miraron con emoción, e Jesús, o que contachistes, puxo as súas lentes azuis e dixo: "E se o mapa está na clase de matemáticas? Iso sería un verdadeiro 'númerd!" Todos riron e a aventura comezou.

Dani estaba emocionado "Eu quero ser o primeiro en atopar o tesouro!", dixo, mentres Sebastián, que sempre dicía as cousas fóra de lugar, interveu: "E se o tesouro é un montón de galletas?" O grupo riu, e Anxo, o máis atrevido, propuxo: "Imos ao patio buscar pistas!" Cando chegaron ao patio, Adriana e Daniela, comezaron a examinar un antigo banco de madeira. "Mirade, aquí hai algo!", dixo Adriana, e todos se achegaron. Era un papel esbrancuxado que dicía: "O tesouro está onde as risas nunca faltan." "Que quere dicir iso?", preguntou Mario. "Quizais se refira á sala de xogd", suxeriu Rihanna, sorrirte. "Imos alí!", gritou Gabriel, o cal sempre estaba listo para a acción.

Cando chegaron á sala de xogo, encontráronse con Martina, e Cayetana. "Que facedes aquí?", preguntou Martina, cun sorriso. "Estamos a buscar un tesouro!", respondeu Mauro. "E se non atopades nada?", preguntou Cayetana, cunha mirada negativa. "Pois imos atopalo!", dixo Anxo, decidido. E así, comezaron a buscar por toda a sala. De súpeto, Andrés, o máis listo do grupo, dixo: "Esperade! Se o tesouro está onde as risas nunca faltan, quizais deberíamos contar chistes!" Todos se miraron e comezaron a contar chistes, rindo a gargalladas.

Despois de moito rir, de repente, un son raro escoitouse. "Que foi iso?", preguntou Dani, asustado. "Parece que algo se move detrás do armario!", dixo Rihanna, con ollos brillantes. "Imos ver!", dixo Iván sen ningún tipo de medo. Cando se achegaron, descubriron un pequeno cofre escondido. "O tesouro!", gritou o grupo. Con moito coidado, abriron o cofre e dentro atoparon... un montón de lentes gardadas! "Que é isto?", preguntou Mario, sorprendido. "Parece que son as lentes perdidas da profe Gere!", dixo Rihanna, rindo. Dani, dixo: "seguro que os nenos estiveron roubándolle as lentes a gardando á súa caixa durante meses."

No final, o grupo decidiu devolverlle as lentes a profesora Gere para que nas clases de Lingua non se queixedes delas pero, o que realmente importaba eran as amizades e os momentos compartidos.

Así, entre risas e brincadeiras, regresaron ao instituto, listos para contar a súa aventura e devolverlle as lentes a Gere, pero todos espectantes de que alguén se lle ocorrera algún lugar para buscar novos tesouros no futuro.

E así, na ría do Burgo, aprenderon que a verdadeira riqueza está nas experiencias e nas persoas que nos rodean. E, por suposto, que a risa é o mellor tesouro de todos.

Buscando a espada dos desexos

Lume e Xeo eran dous amigos que vivían nun monte de Culleredo chamado Monte Xalo. Lume era alto, tiña o pelo e a pel vermella e vivía nunha cabana de pedra. Xeo era pequeno, co pelo azul, pel moi branca e vivía nunha cabana de madeira. Os dous eran fraquechos, gustáballes ir de aventuras e tiñan dúas espadas que levaban a todos lados; pero tiñan un gran problema, que era que non se podían tocar nunca porque, se non, Lume se apagaba e Xeo se derretía.

Un día de aventuras, atoparon un mapa que os levaba á cova onde estaba a espada dos desexos. A espada estaba protexida por unha hidra xigante e ningún a conseguira atopar. Camiñaron e camiñaron e por fin chegaron á cova onde estaba a espada dos desexos. Cando entraron viron a gran hidra, entrólles un pouco de medo, pero seguiron adiante. A hidra intentou atacalos e correu para traballos, entón eles xurtaron as súas espadas e fíxose unha boa espada de obisliana; apartáronse e craváronllano corazón.

E así foi como puideron coller a espada dos desexos. Collérona e pediron o seu único desexo: poderse tocar. E así, por fin, Lume e Xeo puideron darse unha grande aperta.

ARDE PEMENTO!

—Aaagh! Este pemento veu do inferno! Vou botar lume!—queixábase Noela, cusbindo o bocado de masa verde.

—Dádelle miolo á nena, que arde viva! Os pementos de Padrón, uns pican e outros non!—soltou a avoa Isa, sarcástica.

Noela e o seu irmán Alén pasaban as vacacións de Semana Santa no caserón dos avós en Padrón.

—Veña, nenos. Cando rematedes de comer, imos ás atraccións—propuxo o avó Pepe.

Os nenos enguliron os últimos pementos, que por sorte, non picaron máis. Despois, marcharon á feira. O calor era abafante.

—Imos refrescarnos á Fonte do Carme?—suxeriu Alén. Tras remollar a cabeza, retomaron o camiño.

Alí, montaron na nora, e... no mítico carrusel dos Cabaliños de Evilasio. Adiviñades cantos anos ten esta atracción?—preguntou o avó.

—Uns... corenta!

—Nin vos achegades. Coñecín ao seu artesán, Evilasio Hernáiz. Comezou montándoo aquí co seu tío hai case cen anos. Como xa sabedes, eu viña de Toledo. O meu pai, tenente na Guerra Civil, faleceu nun bombardeo. A miña nai envioume ao Centro de Pínfanos de Padrón. Con seis anos marchei só en tren. Sabedes onde está agora o Ceip Flavia? Alí convivín con moitos nenos.

—Avó, choraches moito?—preguntou Noela.

—Foi complicado. Deixas todo atrás. Pero tiven que aceptalo. Cando sentei no tren, había un mozo acompañado do seu tío. Ían tamén a Padrón a buscarse a vida, pero sen saber como. Quen me diría a min que era o gran Evilasio! Co tempo, o carrusel tivo máis éxito, acudindo a máis festas, como durante o Nadal, á praza do Obradoiro en Santiago.

—Que pasou cando chegaches?—interesouse Alén.

—Recolleume na estación Sor Concepción, a severa monxa que dirixía o orfanato. Custoume adaptarme xa que había moita disciplina. Tiñamos que ir sempre en ringleiras con longos abrigos verdes.

—Podíades saír do centro?—quixo saber Noela.

—Saíamos pouco. Lémbrome cando visitamos o Pedrón, na Igrexa de Santiago. Sabedes onde está?

—A igrexa si. Pero que é o Pedrón?—interesouse Alén.

—Non coñecedes a súa lenda? Veña, temos un pouco de tempo antes de cear. Queredes ir visitalo?

Achegáronse á capela e entraron.

—Bos días, irmáns. Que vos trae por aquí? —saudou o Pai Roberto.

—Veño ensinarlles o Pedrón. Podería contarlles a lenda?—preguntoulle o avó.

—Por suposto.—convidounos o crego—. Disque nesta pedra sagrada amarraron a barca co corpo do Apóstolo Santiago, cando chegaron á beira do río Sar. A raíña Lupa, ao decatarse, colocou o cadáver sobre unha pedra. Como esta derreteuse, pensou que era maxía, e mandounos apresar. Pero, uns anos liberáronos e conseguiron enterralo no Castro Lupario. Xa no século IX, foi trasladado a Compostela. O Pedrón foi tan importante, que a nosa vila levou o seu nome.

—Pai, que son esas inscricións?—quixo saber Noela.

—É unha mensaxe en latín, escrita polos romanos, que dedicaron o Pedrón ao deus Neptuno. Significa “A Neptuno o Foro Iriense co seu diñeiro”.

—Moitas grazas, Pai. Debemos marchar. Deica logo—despediuse o avó.

Os nenos e Pepe volveron á casa, desexando coñecer un anaquiño máis sobre aquela vila.

A miña querida terra

16 de agosto do 1917

Foi una viaxe longa , pero mereceu a pena, tendo en conta que volviamos a casa. Vimos de America, Cuba, pero non somos de alí, somos de Galicia. A miña terra, e que preciosa que é. Añoraba estes bosques frondosos este mar noso e este aire húmido. Nadiña que ver co clima seco e caloroso que tiveramos en Cuba. Tremenda foi a dor cando fai 9 anos os menús país decidiran marchar para alí, debido a gran pobreza que había nas nosas terras. Pero tivemos sorte e fixemos moita riqueza nestes anos, e agora por fin volvemos a nosa terra que tanto ancorabamos. As cousas aquí non cambiaron. Segue atopándose pobreza por todos os lados, e tamén na nosa vila Ares, unha pequena pero fermosa aldea costeira preto de Ferrol. Ao chegar enchinme de morriña e moitas bagoas, despois de todos estes anos nada había mellorado? Non podía seguir deste modo, así que falei cos meus pais e dende ese día fixemos todo na nosa man para axudar os nosos veciños.

17 de agosto do 1927

Vaia! Fai moito que non escribo no meu querido diario ,estiven moi atarefada mellorando as cousas. En todos estes anos avanzamos moito, construímos varias casas nunha zoa nova do pobo para os inmigrantes coma nos , a que mais tarde chamaríamos Estacas, restauramos o porto, creamos un paseo a carón da praia, e ata montamos unha pequena escola para os nenos da vila! Aínda queda moito por facer pero as cousas van a mellor.

18 de agosto do 1932

Ola de novo, sei que xa non escribo neste diario, pero quero que este día quede documentado dalgunha maneira nunha fonte escrita. Hoxe é a inauguración do novo concello, este sen dúbida foi o nosos mellor proxecto, pero non o último xa que aínda que os meus pais xa non estean aquí para velo somos unha comunidade crecente con membros novos como o meu marido Andrés e o meu tesouro Catalina. Todos estamos xuntos e seguiremos adiante con este fermoso proxecto, espero que estes anos non se esquezan e se festexen a longo do tempo.

-Ala. E como acaba a historia desta señora avoa?

-Pois mira Larita esta señora fixo a tarefa de mellorar o pobo ata o fin dos seus dias, costume que inculcou á súa filla Catalina, e que Catalina inculcou a súa filla Susana.

-Mira que casualidade, chamase igual que ti avoa!

-Hahaha! Pois si miña neniña; e grazas a señora, a súa filla Catalina, Susana e toda aquela comunidade, hoxe en día temos un pobo precioso e festexaremos os seus logros para sempre.

O CAMPAMENTO

Un día Martín, Marcos, Gabriel, Roque e Félix foron de acampada ao Pico Sacro, e mentres estaban dentro da tenda, escoitaron un forte ruído fóra, parecía un tipo escoitando Spotify. Pensaron, no momento, que Roque fora buscar leña polo que creron que podía ser el.

Ás doce, foron buscalo con lanternas. Atoparon a Roque, pero de súpeto decatáronse de que Gabriel non estaba entre eles. Deron moitas voltas, cada vez estaban máis e máis preocupados..., viron que Gabriel estaba metido na fenda da montaña sangrando, polo que o levaron a tenda.

Cando Gabriel se recuperou, sacou unha pistola e disparoulle a Félix na perna. Marcos, Martín e Roque, conseguiron escapar pero o seu amigo seguía sangrando dentro da tenda.

Chamaron á Policía e puideron salvar a Félix, pero Gabriel, o asasino, aínda estaba ceibo, matando xente.

Félix, Roque, Martín e Marcos seguiron investigando pola contorna do Pico Sacro, para dar con Gabriel. Estaba nunha cova que fixera vendo YouTube, típico del. Cando atoparon a súa cova, Gabriel sacou dúas armas e comezou a atacalos e todos se agocharon. Gabriel tiña un segredo...
ERA UN DEMO!

Gabriel só pillou a Félix e cando os seus amigos intentaron salvalo, Félix estaba en coma polo que o levaron ao hospital de Santiago de Compostela, o médico era Camavinga. Curou a Félix PERO ESTABA POSUÍDO!

Gabriel apareceu nesa habitación do hospital con dúas espadas e comezou a matar ós médicos e tamén a Félix.

Marcos e Martín volveron ao Pico Sacro para atoparse con Roque. Deixaron as súas bicis ao carón do carballo de San Gregorio. Alí estaba a Raíña Lupa. A moura secuestrou a Marcos e a Martín, Roque a través dun sendeiro conseguiu escapar. Marcos e Martín estaban presos na cova da Raíña Lupa. Na mañá seguinte Roque comezou a rastrexar o monte sen atopar os seu amigos.

Na cova, os dous amigos decidiron tentar fuxir, facendo un burato e cando conseguiron saír... foron en bicicleta ao porto de Portosín e alugaron unha embarcación. Cando levaban máis dunha hora navegando, ninguén se decatara de quen dirixía o barco, así que con moita curiosidade, miraron cara a zona do temón, e alí viron...a RAÚL!,(antigo amigo do colexio),que decidiu unirse a eles.

Cando chegaron a Francia, Martín mercou unha bagette, que viña cunha mensaxe secreta "*regresar ao Pico Sacro*" onde estaba agochado un tesouro. Marcos, Martín e Raúl dirixíronse a terra e mercaron en Noia dúas pas e alugaron unha furgo para volveren o Pico Sacro. Ao chegar encontraron a Roque que seguía acampado naquela montaña misteriosa, e contáronlle o segredo do tesouro.

Os catro amigos estiveron días escarvando para atopar o tesouro. Un día cando estaban xa moi cansos de buscar o botín polo monte...de súpeto, atopáronse co "apalpador", que foi o

encargado de revelarlle o lugar agochado no que estaba o tan ansiado agasallo... e sinalándolles para os seus corazóns, díxolles: *O PODER DA AMIZADE*.

MARÍA

Atopouse diante daquela sepultura, que parecería outra calquera, para calquera outra persoa. Incluso para ela podía non significar nada, pero seguía diante dela. Acabara de pórllle unha única flor.

Na volta daquel cemiterio de Santa Comba, recapitulaba o que vira naquela sepultura. Estaba no chan, era unha lápida horizontal medio soterrada no chan. Pero había moitas así. Non, o que lle chamara a atención fora outra cousa. Naquela pedra no chan, dicíanse unha serie de datos: Unha nena morrera á idade de 10 anos no ano 1916. Recibía lembranzas do seu irmán.

Aquela noite a Adela non puido durmir ben. Imaxinaba. Sabía que naquel momento eran habituais as mortes prematuras, pero non deixaba de darlle voltas. Que pasaría para que só recibise lembranzas do seu irmán?

Imaxinou que no día en que morrera aquela nena, na fermosa igrexa de San Cristovo, soarían as campás. Pero a aquel enterro só acudiu o seu irmán. Talvez non tiñan pais, e seguramente traballaran para o dono daquelas terras.

Un mes antes de morrer, a nena, probablemente chamada María, vestiría a saia e a camisa, a falta de enagua e chaleco. Poría as zocas para ir á labrada, e traballaría todo o día. Comería un anaco de pan, xunto co seu irmán, e sería eso o que comerían no día enteiro.

Unha semana antes de morrer, contraería pneumonía, e quedaría na cama. O seu irmán sacrificaría a súa paga enteira para buscar a un médico, pero non lle daría para pagar un tratamento.

O día anterior a súa morte, quizais vira aos seus pais nun desvarío febril. Á mañá seguinte, María estaba morta.

A última parte era a que Adela sabía con certeza, que María estaba morta. Morta á idade de 10 anos, o 10 de abril de 1916.

FIN

OS PASOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NO CONCELLO DE MELIDE

Ola! Son Leire e nesta viaxe gustaríame explicarvos que importante é o concello de Melide na etapa do camiño de Santiago. Abrochade os cintos, que imos comezar!

A primeira parada será na aldea de Furelos. Nesta aldea encóntranse moitas reliquias antigas, por exemplo a ponte de San Xoán de Furelos. Esta ponte foi construída na Idade Media. Foi reformada varias veces ao longo dos séculos. Esta construción mide 50 metros de largo e 3,7 metros de ancho. Está realizada con pedra negra do país, unha rocha moi común desa zona.

Ao cruzar a ponte temos a igrexa de San Xoán de Furelos, unha igrexa de orixe románica, que conserva unicamente unha parte do muro desa época. Agora avanzaremos un pouco, de camiño a Melide, un pobo no que residen algo máis de 7000 habitantes. Neste pobo no ano 1809 na guerra da Independencia, os melidenses libraron unha batalla contra o exército de Napoleón. Expulsaron a 3.500 soldados franceses. Sucedeu no casco vello de A Moa.

A seguinte parada será no cruceiro de Melide, o cruceiro máis antigo de Galicia. Encóntrase ao lado da capela de San Roque. Foi construído no século XIV. Da súa estrutura orixinal só se conserva a cruz e unha parte do capitel. Esta construción é relixiosa e de estilo gótico e represéntase a Cristo ensinando as feridas das súas mans producidas durante a crucifixión.

A seguinte parada será na praza do Convento e nela podemos contemplar a igrexa de San Pedro, construída no século XII, de estilo románico. Tamén podemos observar na praza un museo que hai moitos anos era un hospital de peregrinos. Neste museo podemos encontrar reliquias datadas no Neolítico, os traxes do antigo grupo de música tradicional galega "Os Garceiras", pezas relativas tradicionais dos traballos como carpinteiro, dentista...

A última parada será no alto de Melide, no lugar coñecido como O Castelo. Non hai un castelo pero antigamente si que o había. Coñecemos O Castelo como un miradoiro onde se atopa a capela do Carme, construída no século XVIII e de estilo Compostelán.

Isto é todo! Espero que vos haxa gustado esta viaxe!
Vémonos!

BONDADE

Non teño moi claro quen me forzou a facer isto, estaba moi a gusto na miña cama, maldecíndome por non querer saír ai fóra e afrontar a miñas inseguridades, pero agora estaba ali e non tiña escapatoria. As miñas mans sudorosas tremían baixo a fixa mirada do xurado e a xente da cola que esperaba con paciencia a que eu entregase o meu conto. la facelo, pero non puíden. Sain correndo co meu relato entre as mans. Funme directa a torre de Hércules, sempre que podía ia directa alí. A valentía do heroe inspirou a moitos incluíndome a min. Pensando na súa historia veume a Ideal perfecta. Podía contar as aventuras dunha heroína que salvaba o mundo, algo parecido ao que fixo Hércules. Corrin directa a onde se atopaba a miña cafetaría preferida e empecei outra vez a escribir un novo conto. Uns retoques por alá... Uns retoques por acá... E xa o tiña! A idea foi boísima e relateina xusto como quería. Agarrei o meu café e marchei; tiña un concurso de contos infantís que conquistar.

Cando cheguei ao lugar de entrega fíquei na cola esperando ansiosa o meu turno, pero nun momento escoltel a unha nena chorar tras de min, non puíden evitar xirarme e ver que lle pasaba. Atopeime de súpeto cuns grandes e cristalizados ollos azuis, A rapaza non tería moito máis de sete anos e parecía nerviosa. Contoume que estaba preocupada de non gañar, que levaba anos esperando o concurso e que tiña medo. Iso recordoume a min mesma en nun momento vinme reflectida nos seus ollos, anos atrás, antes de facer os doce, antes do meu primeiro intento de escritora.

Leveina a un lugar afastado de todas as miradas e reviseille o relato, estaba moi ben, so tiña unhas faltas de ortografía e necesitaba unha corrección de estrutura, que rápido correxin. A moza xa contenta foi entregar o relato e eu decidin marchar. Non tiña tantas ganas de gañar como antes e a nena mereciao moito máis ca min. Funme coa esperanza de que ela gañase e co meu corazón sorrindo porque fixera algo bo por unha rapaza chea de ideas.

O concello de Coruña e o seu heroe Hércules son a inspiración para este relato

UN DÍA NO AQUAPARK

Un día no Aquapark de Cerceda unha nena chamada Sabela Perdeuse e non encontraba a súa familia. Estivo mirando un anaco a ver se os encontraba pero non os vía, De súpeto apareceu o seu padriño, un cantante dun grupo de rock cercedense chamado Broa. Entón el axudoulle a Sabela a buscar a seus pais, que seguían sen aparecer. Despois dun longo anaco buscando ao Padriño de Sabela ocréuselle ir ao tobogán máis grande Para ver se dende a altura os localizaban. Logo de Subir moitas escaleiras chegaron a cima do tobogán, onde puideron observar onde estaban. as toallas des pais de Sabela, pero eles non estaban alí; non estaban en ningún sitio! Sabela non quería que desapareceran os seus Pais e estaba moi triste, pero ca axuda do seu Padriño púxose mais contenta xa que o Padriño levouna aos tobogáns mentres que os Pais ron aparecían. Ao tirarse nos tobogáns a Sabela ocréuselle que podían estar nun bar que hai preto do Aquapark cal se chama "O Panadeiro", entón, foron mirar, e alí estaban os pais e as irmas de Sabela! Estaban tomando un batido sen ela! Enfadouse Moito os pais tomando xa que non a avisara, pero recordou que o pasou mellor ela xogando seu padriño polos tobogáns. Porque estivo e tirándose

Cando se Fixo de noite agradeceulle ao padriño por estear con ela en tod00 momento, e cando xa ían marchar para a casa, Sabela e o seu padriño cantaron unha Canción de Broa xuntos.

O cráneo de macaco rhesus

Um corpo tarda entre nove e doce meses em descomponher-se por completo, o mesmo tempo que a gestaçom dum cavalo.

Aloia tinha um cavalo, ela vivía no Val do Dubra. E também alí havia craneos, no Val do Dubra havia de todo. Aloia tinha cráneos, seis cráneos, de vaca, de corzo, de lobo, de raposo de cavalo e de... bom, realmente o sexto nom sabia moi bem de que era, e isso que perguntara a colegas biólogos, mas ninguém lhe sabia dicir, ou igual nom queriam, por medo a que se traumara, ao fim de contas, umha nena de sete anos, nom tem cabeça na que entre que tem na casa um cráneo de...bom... aínda nom sabemos de que é.

Um día, Aloia fartou-se e buscou em google de que podía ser, google sempre funciona... bom,quase sempre.

Na internet ponhía que era de macaco, e como lho trouxera súa tia Uxía, que era arqueóloga na India, nom descartou a idea e despreocupou-se. Até o etiquetou na colecçom numa etiqueta branca como cráneo de macaco rhesus, a especie asiática deste simio.

Mas passaram os anos e Aloia ía medrando, como também ía medrando a súa colecçom de cráneos, e um día, a tia Uxía, trouxe-lhe de Pakistám um cráneo de mono rhesus, e nom era igual que o da India, e Aloia ja ía maior, tinha 17 e os traumas ja nom preocupavam tanto.

Voltou perguntar de que era aquel cráneo aos seus biólogos de confianza e... mirarom-se, e dijerom-lho.

-Aloia, teu avó quería voltar ao Val depois de morto e, bom... túa tia, achou que a melhor forma era traelo como souvenir dende a India

—Aloia quedou calada e respostou, claro que respostou, ela nunca ficava calada.

—Entom... entom queredes dicir que este cráneo... é do avó Lois?

Os biólogos asentirrom, com essa cara que pom quem sabe que acaba de tocar umha cousa moi delicada, como um copo a romper contra o chao—Vaia —dixo ela, sem saber moi bem que fazer —. Sempre dixo que quería volver ao Val, pero nom pensei que o fixera tam literalmente.

E assim, o cráneo que durante dez anos pensou que era dum exótico mono, resultou ser do seu avó, que em vida fora poeta, e cazador furtivo de elefantes. Agora estaba alí, sobre a estantería de madeira de castinheiro, entre o lobo e o corzo, com o seu nome bem escrito numha etiqueta branca: Avó Lois, India/Val do Dubra

As historias de Cerceda

Un día tranquilo en Cerceda chegou un neno novo/chamábase Xoel. Sorprendido por ver o pequeno pobo cheo de vida, con xente amable e un parque acuático famoso en toda Galicia. El buscaba información sobre o pobo, para familiarizarse con el. Na escola escoitou falar da antiga mina das Encrobas, agora convertida nun lago artificial, tamén da central térmica que durante anos dou traballo a moitas persoas, e quedou fascinado.

Un día falando coa súa avoa María, descubriu que ela traballara na mina. Contoulle como aqueles terreos, antes cheos de natureza e casas, foron escavados para extraer lignito, e como moita xente tivo que cambiar de vida. "Non é unha aldea afundida" dixo "pero si historias enterradas baixo carbón.

Xoel empezou a recoller relatos da xente maior, escribíndoos e gardándoos. Compreendeu que o Segredo do pobo non era unha lenda, senón a forza de quen soubo adaptarse e reconstruír. Así cando creceu escribiu un libro con todas as historias de Cerceda chamando así: "As historias de Cerceda", para que todo mundo coñeza as historias do pobo, que son as súas riquezas.

UNHA BONITA HISTORIA DE AMOR EN CERCEDA

A Cerceda acaba de chegar unha rapaza chamada Lara.

Vén Pasar o verán xa que no seu lugar ron hai case nada, e en Cerceda hai moitas cousas como: un Parque acuático que se chama Aquapark, o lago das Encrabas, o Museo da Minería en Meirama...

Unha tarde foi ao Aquapark e tirouse por algúns tobogáns e cando Se ía tirar Polo último Porque xa tiña que marchar, cando se tirou, como ela non sabía nadar moi ben, case afoga, entón o Socorrista desa piscina socorreuna e a Lara Pareceulle bastante guapo, pero ela tiña que marchar.

Outro día Lara volveu cunha amiga da Silva e contoulle a que Pasara aquela tarde e ensinoulle o rapaz de Lonxe e díxolle que ese era o seu irmán. A súa amiga chamada Arca convenceu a Lara Para ir falar con el, Aroa Presentoullo e gustáronse mutuamente e decidiron ir xuntos a Feira das Deras na Silva.

Esa noite comezaron a ser mozos. Pero a mala noticia chegou eses días, Pois Lara tiña que marchar para Madrid e despedíronse.

Eles seguían falando todos os días e polo aniversario de Lara seu mozo foina ver e quedáronse xuntos no Nadal en Madrid.

E despois duns anos de relación mercaron unha casa en Meirama e viven xuntos con dous Fillos, un can e un gato e ese verán casaron.

As da Vila (From cerceda)

Dende 1912 e 1913,
Con Rosa e Adolfina Casás,
a festa en Cerceda revive,
e a súa memoria abraza.
Herdeiras dun gran camiño
coas pandeiretas na man,
fan do pasado un destino,
que non se perde en ningún lugar

Entre cantares e ledicia,
con forza e alegría sinceira,
soan voces decididas,
que fan vibrar a carballeira.
Bailan lembranzas antigas,
e esperanzas con xeito,
no latexo da xente,
que leva Galicia no peito.

Dende vías ás encrucilladas,
Chegar as novas cantareiras,
As da vila, con orgullo,
nas nosas letras galegas.
Alzarán a voz con ardor
Coma estrelas que nunca afundes,
Reivindicando as cantareiras
de Galicia e de All the WORLD!!!

As lendas non dormen.

A lúa minguaba sobre a ría de Noia mentres que Xiana corría polas rúas de pedra, co corazón latexándolle máis forte que nunca. Levaba na man o antigo mapa que atopara na vella casa do seu avó, un mariñeiro xa xubilado, que sempre que pode se pon a falar de campás afundidas e tesouros esquecidos baixo a marea.

As campás da igrexa de San Martiño comezaron a soar fóra de hora. Non era medianoite, pero soaban coma se alguén lle quixera dar unha advertencia á moza.

—Xa saben que o teño. —murmurou Xiana cando chegou a un estreito e escuro calello que levaba ata o porto.

Había dous homes que a seguían, siluetas negras entre a brétema.

O mapa era real. E moi valioso. Nel amosábase o camiño que levaba á cripta dunha antiga confraría de navegantes e mariñeiros, soterrada polo mar no século XVIII tras un maremoto. Lenda para moitos, verdade para ela.

Chegou á dársena e subiu a unha lancha que xa tiña preparada. O motor prendeu cun son tan forte coma un ruxido, que rompeu co silencio do porto, no que só se escoitaba a auga bater contra o peirao.

Escoitou un disparo. A auga salpicoulle na cara. Xiana acelerou todo o que puido cara o medio do mar.

Deixou caer a áncora ata que notou que chegara ó máis fondo, puxo as lentes de natación e, sen pensalo dúas veces, somerxeuse.

Abaixo as ruínas esperábana. Entre algas e rochas, no máis profundo da auga, achou unha campá oxidada. Achegouse e, con cautela, activou o mecanismo secreto que o seu avó describira no reverso do mapa. A pedra que termaba da campá cedeu... E un feixe de burbullas escaparon cara a superficie.

Arriba, os homes esperábana. Pero Xiana tamén contaba con eles.

Saíu do mar cun sorriso e unha pequena caixa metálica entre as mans e díxolles:

—As lendas de Noia non dormen... Só agardan por alguén que teña o valor de espertalas do seu letargo.

Un día, un peregrino chamado Xan, ao que lle encantaba viaxar e visitar lugares novos, encontrou un concello que parecía ser moi bonito e a súa poboación era de 2163 habitantes.

El decidiu ir e buscar a historia deste concello, xa que lle parecía moi interesante.

Pasado un tempo, descubriu que a maioría da xente centrábase na gandaría bovina, que estaba orientada á produción lactea.

El encontrou a un grupo de xente que era dese municipio e eles ofrecéronse a darlle a probar comida típica dese concello e a ensinarlle as festas que facían alí.

Ese grupo de xente levaron ao peregrino a súa casa para que probara toda esa comida, el estaba moi curioso e interesado polo sabor da comida e por como lucía.

Déronlle a probar leite frita, a el encantoulle xa que lle pareceu un bó sabor e que era moi blandiño, a parte de ter boa pinta. Tamén probou filloas, queixo de triscar feito na casa e leite das súas vacas.

A él encantoulle todo o que probou pero el quería saber unha última cousa sobre o municipio, como eran alí as festas.

Eles dixéronlle que había moitas festas pero solo foron a tres delas, as máis típicas de frades, a festa da merenda de Aiazo, a festa das filloas de Abellá e a festa da leite frita.

Na festa da Merenda de Aiazo había una gran merenda gratuita aos asistentes, ademáis da música e moitas máis actividades.

Na festa da Filloa de Abellá pódese degustar filloas recién feitas polos cociñeiros de alí, a parte de outros postres típicos e unha verbena.

Na festa da Leite frita pódese degustar un plato de leite frita mentres escoitas a música de alí.

E por último, o peregrino despediuse de eles e continuou co seu camiño, visitando novos lugares e probando as súas comidas típicas.

AS AUGAS DE CERCEDA

Cada verán, milleiros de persoas acudían ao Aquapark de Cerceda para fuxir da calor galega. Tobogáns xigantes, piscinas de ondas, flotadores chirriantes... Todo era ledicia e chapoteo. Pero o verán 2024 foi diferente. Moi diferente.

A historia comezou o dous de agosto, cardo o socorrista da quenda de mañá, Miguel notou algo estrano na piscina máis profunda. A auga tiña un matiz máis escuro do habitual, coma se algo a nubrase dende o fondo. Mencionoullo brevemente aos seus compañeiros, pero todos atribuíano a un fallo no sistema de filtración.

Eso mesma tarde, unha nena desapareceu. Chamábase Lucia, e a súa nai, deixáraa soa un minuto para mercar un xeadó. Cando volver, a toalla estaba alí, pero Lucía non.

O parque foi desaloxado e comezou unha longa busca. Nada. Sen rastro.

Durante os días seguintes, o parque reabriu, aínda que con maior seguridade. Pero entón comezou a espallarse un rumor entre os empregados: todos afirmaban ter visto unha silueta movéndose baixo a auga. Como un corpo humano... que nunca saíu a superficie.

A dirección prohibiu discutir o tema cos visitantes, pero os traballadores comezaron a dimitir un por un. Miguel foi a último en quedar. Non porque non tivese medo, senón porque sentiu que alguén - ou algo- o necesitaba alí.

Unha noite, decidiu meterse furtivamente no parque, armado cunha lanterna e unha cámara GoPro. Quería chegar ao fondo da piscina onde desapareceu Lucia. Cando mergullou, notou coma a temperatura baixaba bruscamente. E nese silencio acuático, escoitou algo imposible: unha risa.

Non era unha risa humana.

Miguel baixou ata tocar o fondo da piscina...e alí a viu. Un portón oxidado, que nunca estivera nos planos. Abriu.

O último que gravou a súa cámara foi o seu rostro, bañado por unha extraña luz azul, mentres algo o arrastraba á escuridade. A cámara atopouse flotando na superficie dentro dunha bolsa impermeable.

O parque foi cerrado, nunca ninguén máis se atreveu a volver pasar por alí, Pero, as veces, en noites moi silenciosas, os veciños aseguran escoitar chapoteos e unha risa lonxana, como a dunha nena que xoga sen supervisión.

Dende había un tempo, algo cambiara en min, algo do que era consciente. As palabras da noite anterior non foron máis ca un alivio, un sopro de aire fresco. Por algún motivo, non derramei ningunha bagoa. Decidira non dramatizar o inevitable, e iso foi o que máis impactou á miña nai: saber que a súa filla morrería e vela reaccionar con calma non era común. Mais eu comprendía a súa dor.

Reunín as últimas forzas e erguinme do leito. Sabía que sería o meu último día, pero non tiña medo. Como era habitual, mamá entrou e comezou a peitear os meus longos cabelos loiros. O espello, que tantas veces reflectira un rostro novo, cheo de vida, agora plasmaba unha faz diferente, que aínda que fermosa, a palidez nas fazulas e a sombra da súa mirada falaban dun corpo que se apagaba lentamente.

Mentres mamá me axudaba a colocarme un vestido con volantes, comezou a tararear unha canción. Seguina cantando. Por un instante, non existía a enfermidade nin o final. Só unha nai e a súa filla, compartindo un momento pausado no tempo.

Colocoume un sombreiro con flores e bicoume na fronte. — Necesítote, e sempre te necesitarei —dixo—, como o sol que ilumina os meus días, ata que se apague.

Non respondín. Sabía que tamén a necesitaba, e dicilo faríao máis evidente. Déille un abrazo silencioso e saín con coidado, deténdome un instante ante a beleza daquela tarde de primavera na Veiga do Lume, o recuncho que papá chamaba “o corazón durmido do bosque”.

O ceo estaba adornado por un crepúsculo rosado. Amaba aquela terra, aínda que había tempo que non podía admirala. Así avancei, danzando ata o río Eume, aquel polo que adoitaba pasear na infancia, cando a vida era aínda unha promesa luminosa.

Coma se o destino quixese tenderme a man unha última vez, a vella barca apareceu ante min, atada entre dúas pólas coma se nunca marchara. Sen pensalo, subín a ela e deixei que a corrente me guiase.

Unha estraña sensación de serenidade apoderouse de min, coma se xa soubese que, en realidade, estaba a volver á casa.

A diminuta barca deslizábase suavemente, como arrolándome nunha canción tranquila. Pechei os ollos. A auga murmuraba palabras que non comprendía, pero que recoñecía. O vento acariñou as miñas fazulas, e por un instante, sentín que xa non pertencía por completo a este mundo.

Algo cambiou. Quizais foi o peso do corpo, que se volveu leve como a néboa, ou o modo en que o aire pareceu abrazarme. As mans xa non doían, o peito non pesaba. Só flotaba, libre, entre luz e silencio.

E entón sóubeno. Non había morte, non como a temían os humanos. Só unha transformación. Só o renacer nun corpo distinto, branco, puro, etéreo.

Sei que mamá me viu desde a xanela. Atopoume e nese instante, coma se puidese falar-me a través do vento, as súas palabras viaxaron ata min:

—Voa, miña nena —murmurou—. E brilla... como só ti o soubeches facer.

O verán do 97

Un día de verán do 97, nun pobo chamado Mugardos, no que tódolos nenos querían ir á praia, a Juan, un rapaz de dezaseis anos cunha curiosidade insaciable, atraíano máis os arquivos poeirentos da biblioteca municipal, que as praias soleadas. Buscaba nas vellas páxinas ecos do pasado esquecido da súa vila. Unha tarde na biblioteca, Dona Angustias, unha anciá de memoria lúcida, aínda que a xente a tomase por tola, compartíulle un segredo: "Baixo a nosa terra dormen túneles, dende Montefaro ata Santa Lucía. Unha rede agochada da Guerra Civil, un camiño para os que tiñan que fuxir."

Nos libros non había rastro. A obsesión de Juan comezou. Buscou entradas en Montefaro, preguntou a vellos do pobo... Unha tarde, preto dunha batería abandonada, notou unha formación rochosa peculiar. Apartou varias rochas, toxos, silveiras... e de súpeto descubriu unha estreita abertura. Un aire húmido e cheirento a terra escapaba do interior.

Juan escorregou na escuridade. A luz da súa lanterna revelou un corredor de terra e pedra. Avanzou, atopando restos: cerámica rota, un botón oxidado, debuxos esvaecidos. A certeza de que alguén estivera alí, agochado, era palpable.

O túnel principal ramificábase. Nunha pequena cámara, Juan atopou inscricións borrosas: datas da guerra e palabras en árabe. A verdade comezaba a tomar forma.

Tras explorar durante horas, o túnel descendeu, revelando unha saída camuflada na enseada de Santa Lucía. A historia de Dona Angustias era certa. Os túneles existían, unindo Montefaro coa enseada. Eran uns túneles creados polos mouros para fuxir, que posteriormente foron utilizados polos republicanos para o mesmo fin durante a Guerra Civil.

Juan sentiu o peso da historia. Aqueles túneles eran un testemuño dun pasado doloroso, agochado baixo a aparente calma de Mugardos. A súa aventura non fixera máis que comezar: desvelar a historia que aqueles corredores escuros gardaban celosamente.

A MISTERIOSA VISTA

Xoan é un home 23 anos do concello de Ortigueira. A Xoan sempre lle gustou viaxar e andibo por moitos países estranxeiros, pero nunca fixera o Camiño de Santiago, que naqueles tempos había unha lenda na que se dicía que na cidade de Santiago había un tesouro agochado. Entón Xoan que tiña moito interese por estes temas decidiu facer o Camiño de Santiago, tentando dar ca clave desta lenda. De camiño cara Santiago estivo pensando e recollendo a información que precisaba para dar coa clave, e tras moito esforzo e tempo logrou ter unha pequena idea. Como se podería chegar ao misterioso tesouro sen ser pola mesma catedral.

Nun santiamén Xoan xa estaba dentro da catedral, nunha visita guiada o cal non lle facía moito caso, por non dicir ningún. No medio da explicación do guía que lle estaba facendo a visita. Xoan notou unha pedra moi peculiar na fachada esquerda da catedral. Era máis grande que o resto, estaba un lixeiro toque saída para fora e cun lixeiro espazo xusto debaixo, como se se puidera empuxar cara abaixo. Cando o home seguiu coa visita, Xoan decidiu quedar atrás para poder investigar esa peculiar pedra. Así foi, Xoan quedou só sen ninguén que o vixiara e tentou inclinar esa pedra. De súpeto, unha pequena porta abriuse e Xoan deu un pequeno paso para atrás. Pensou se entrar ou non pero ao fin e o cabo era o motivo polo que estaba alí, tíñao diante dos seus pes!

Entrou e era un largo túnel que lle deixou na cima do monte do Gozo, especificamente detrás dunhas pequenas rochas e o túnel cuberto por moitas follas, pedras, etc. El non sabía onde estaba, pero despois de xirarse puido ver un precioso atardecer e o sol caendo xusto detrás da catedral. Alí, sentado naquelas pequenas rochas, case sentado no chan, deuse de conta que a lenda era certa, ao grande e especial agasallo que temos todos é a nosa terra, cultura, monumentos, gastronomía... É dicir que todos temos un magnífico agasallo diante de nos e non nos damos de conta.

Cariño López

Boas, eu chámome Lois, son da cidade de A Coruña, pero os meus pais e parte de a miña familia son dun lugar chamado Cariño, que é un pobo costeiro o noroeste da provincia de A Coruña. Onde se xunta o Atlántico co Cantábrico.

A semana pasada fun a Cariño a comer a casa da miña avoa, que cociña moi ben, despois de comer fun a dar un paseo polo pobo, chegamos ata o porto, onde vin unha praca que non vira antes na que se podía ler: "en conmemoración a Cariño López". Eu intereseime por saber quen era ese tal Cariño López, pregunteille a miña avoa, ela non sabía quen era, tamén pregunteille a mais familiares e ninguén o coñecía. Entón vendo que ninguén na miña familia o sabía, decidín facer as pesquisas pola miña conta. Pensei que sería moi sinxelo, pero non foi nada doado. Para miña sorpresa non había moitas noticias pero despois dunha dura investigación logrei descubrir todo isto:

Cariño López era un percebeiro en Cariño, que foi reclutado polo exército nacional, na segunda guerra mundial. Realmente chamábase Ángel Rodríguez Leira pero cambiou o nome para ocultar a súa identidade. Integrou a 9º compañía, tamén chamada "La Nueve", formada case na súa totalidade por republicanos veterans da Guerra Civil Española. Cariño López estaba nunha unidade motorizada antitanque. A máis importante xesta que fixo Cariño López coa 9º compañía, foi que o 24 de agosto chegan a París, cidade a cal estaba baixo o dominio nazi. Conseguiron controlar o concello e participaron na liberación do Cuartel Xeral da Gestapo, nesta recuperación de territorio Cariño López destruiu cinco tanques alemáns nun so día. Por estas fazañas, deronlle a Cariño López unha medalla o mérito e unha praca no concello de París. Despois disto pode parecer que a súa vida foi fácil pero non foi así xa que non puído volver a España e tivo que quedarse en Francia onde se casou e tivo fillos.

Despois de descubrir todo isto fun rápido a contarllo a toda a miña familia, xa que, e unha persoa moi importante que levou o nome de Cariño o máis alto e creo que é importante coñecer a súa historia porque como di o refrán 'Quen non coñece a súa historia está condenado a repetila'.

NON OS MIRES

Todo isto remontase ao ano 1980, o día 19 de xaneiro no colexio C.P.I Castro Baxoi, na clase 2·B da ESO, na hora de galego mirando as noticias. Uxía, Alexandra e Airas, uns primos estaban atendendo a a profesora Raquel dicir que ao parecer uns monstros catridimensionais estaban a aparecer non se sabia o que estaba a pasar se eran benignos o malignos e que iamos quedar no colexio xa que tamén era un refuxio, logo diso un neno veu un dos monstros e acabou desaparecendo todo o mundo asustouse e todo o mundo saíu correndo moita xente empezou a desaparecer pero logo de que a cousa calmara un pouco xente comezou a chegar ao colexio señores maiores etc. Entre eles había un señor maior e logo unha señora embarazada e unha avoa aparte de mais xente co o paso do tempo o colexio xa tiña moita xente os profesores descubriron que non quedaban recursos para a xente.

PROFESORA: Rapaces temos que saír a por comida xa que non quedan alimentos... Uxía, Alexandra, Airas podedes vir comigo para non ir soa por se pasa algo?

Os rapaces cruzaron miradas entre eles dubidaron un pouco e asentiron os tres.)

Os nenos agarraron bandadas para non ver aos monstros fóronse coa profesora pasaron pola Senda dos sentidos de Miño e chegaron a unha casa abandonada pero aun tiña comida entón a agarraron e fóronse para o C.P.I Castro Baxoi o seu colexio outra vez pasados os 10 minutos de ir a profesora caeulle a bandada despois de mirar sin querer ela quedouse paralizada mentres os seus ollos tornaban un roxo escuro e as súas pupilas dilatábanse facendo que ela desaparecera.

Os nenos asustáronse e saíron correndo, cando chegaron ao colexio sans e salvos mentres todo iso pasada o señor estaba coa señora embarazada xa que había dado a luz despois duns minutos el agarrou o bebe e obrigou a a señora a mirar a uns dos monstros xa que o señor se os miraba no lle ia pasar nada xa que a xente tola si que os pode mirar pero os que aun teñen a cordura ben non poden instantaneamente a señora desapareceu. Uxia, Alexandra e Airas entraron na habitación e miraron a a muller desaparecer rapidamente quitáronlle o bebe das mans ao señor preocupados encontraron un libro no chan e mirárono haber se había algo que poderá axudalos e ali encontraron unha paxina que ensinaba como acabar co os monstros entón os tres fóronse a senda dos sentidos amarraron ao loco e rozaron sal encima de el todos comezaron a ler o que había na paxina un símbolo apareceu no torso do señor e os seus ollos e boca comezaron a sacar luz mentres o corpo atravesaba a terra e agretase comezou a haber moito vento mentres todas as arbores movíanse lentamente o lugar víñase abaixo e cando todo desmoronouse xa non había ninguén na vila debido a que o libro estaba maldito e o conxuro saíu mal.

O POBO CONXELADO

Sucedeu nun pequeno pobo da costa galega chamado Porta de Santa Cruz, na parroquia de Liáns, no concello de Oleiros. Ten un Castelo moi fermoso e grande que se encontra nun islote na ría da Coruña e únese ao pobo de Santa Cruz por unha ponte de madeira.

Os habitantes do pobo coñecíanse entre eles e levábanse moi ben. A miúdo, facían grandes festas con comidas e bailes estupendos no Castelo. Cada veciño levaba algo: empanadas, tortas, bebidas, facían xogo para os nenos...

Todo era xenial, ata que un día de inverno cando os veciños espertaron, viron que todo o pobo estaba conxelado (a ponte de madeira, a auga da ría da Coruña, os vehículos, as fiestras e ata o chan). Querían saír das casas para ir á festa do castelo, pero algúns non podían (as portas estaban conxeladas) e os que podían saír, esvaraban polas beirarrúas. A xente pedía axuda (choraban, berraban...) pero non valía de nada, xa que, cada vez facía máis frío e conxelábanse como cubos de xeo. Pouco a pouco, todos os habitantes do pobo quedaron conxelados.

Pero de súpeto, a porta do castelo abriuse e...

Flash! Fora todo un sono! Menos mal, xa que, así a xente poderá seguir desfrutando deste marabilloso pobo, das súas paisaxes e bo clima deste concello.

A MISA DE MARZOA

Todo sucedeu nun pequeno pobo de Galicia situado no municipio de Ordes, Marzoa, onde vivía unha nena moi curiosa e carismática chamada María, a cal gustábanlle moito os misterios e era coñecida no pobo por andar buscando sempre algo que resolver.

Un día pola noite María ía camiñando pola praza, cando viu un grupo de persoas entrar á igrexa e entroulle a curiosidade. Non era unha hora moi normal para facer unha misa, polo que isto pareceulle un pouco estraño e ao volver a casa preguntoulle a súa avoa por isto. A avoa non tiña nin idea do que lle falaba María, polo que decidiron ir ao día seguinte para ver que era o que pasaba e resolver un misterio.

Todo o día seguinte María pasouno moi estreada, por que irían aquelas persoas alí? Xa era pola noite e María máis a súa avoa foron ver que pasaba na igrexa. Estiveron esperando un anaco a que empezara a chegar a xente, cando viron un grupo entrar na igrexa os seguiron, cando entraron había un grupo de persoas sentadas nos bancos, cada unha de elas tiña un libro nas mans. Resulta que a esa hora había un club de lectura do que elas non tiñan nin idea.

Pasaron uns días e María decidiu unirse ao club. Agora todos os martes e mércores ía ao club de lectura pola noite e pasábao moi ben.

Era día de festa, e a maioría da xente estaba de romería no monte Romaxe, pero non era o caso de Felipe, un rapaz de 15 anos da vila o cal era moi argallante e espelido. Era coñecido por todos porque facía moitas trasnadas no lugar, especialmente na noite de San Xoán. A xente temía as súas falcatrudas e xa o estaban a esperar. Contan que un veciño quedara durmido no carro e Felipe sacou o carro co veciño dentro ao medio da aldea sen espertalo. Pois aquel día de festa, cando marchou para a casa, tivo unha mala idea do máis arriscado. María era unha veciña estrana, e moitos contaban dela que era unha bruxa. Díciase polo lugar que ela iba de casa en casa botando sal por debaixo portas e tamén que ía polas leiras botando ovos podres coa intención de maldecir á xente e as colleitas.

Pero tamén era coñecida porque na horta da súa casa había unha figueira enorme, e contábase que tiña uns froitos grandes e saborosos, dunha cor vermella coma un rubí por dentro e verde esmeralda por fóra. Felipe subiu polo muro e agarrouse a unha das pólas, para despois empezar a coller varios figos e metelos polos petos do pantalón. Mentres probaba un figo, notou uns ruidos dentro da casa, sinal de que debería ir marchando, así que apoiou a man no muro para liscar. Pero antes de poder saltar, sentiu unha man fría que o suxeitaba fortemente arredor do seu nocello. Un arrepío foi por todo o seu corpo e xirouse para ver que pasaba. Alí veu a aquela muller da que oíra tantas cousas, a María. Non puido evitar gritar e xusto despois outra man puxose na súa boca e arrastrouno para dentro da casa. Felipe sentía como se lle perdían as forzas e tamén coma un dos figos estaba atrapado na súa gorxa e lle impedía pedir axuda. As súas mans axitábanse para intentar escapar das gadoupas da bruxa, que intentaba abrir a porta, pero non lograba zafarse. Entón Felipe recordou a cruz de madeira que sempre levaba baixo a camisa. Só pensou en sacala e ensinarlla para ver se a escorrentaba. María ao ver a pequena cruz, tapouse os ollos gritando e aí foi cando Felipe espertou. Estaba a piques de coller o primeiro figo, xusto antes de que empezara todo, e escapou a fume de carozo dese lugar. Felipe nunca saberá o que lle tería pasado de non ter levado a cruz, pero o que si sabe é que coas bruxas non se pode xogar.

A Troita

O día 9 de maio foi a festa da troita en Sigüeiro, cadrou un sábado.

O comisión de Festa trouxo a Olympus e a Panorama, a xente gustoulle moito as orquestas q houbo. Tamen houbo atraccións: o saltón, a olla, a nube, os coches de choque, etc.

A noite que tocaron as orquestas había xente as 12:00 ou 1:00 da mañá que andaban desconectando os cabeis da orquesta, pouco a pouco deixou de soar.

O alcalde foi a ver o que pasara coa orquesta, deuse conta que había cabeis desconectados.

Decidieron cancelar a festa, a xente empezou a marchar.

Microrrelato: “O Carreixo da Man Peluda”

Habituamos a crer que as lendas son feitos irrealis, textos literarios cuxa maioritaria función é lúdica, mais se as coñeces: algunha vez tentaches desafialas?

— Aquí estou, en Corme-Porto. Antes de ir para a casa dos avós paseo polas rúas deste pobo, afectado polo éxodo rural. Vou ao porto e despois ao paseo marítimo. Paso por un parque que leva o nome duns nenos que morreron no golpe de Estado de 1936 en Guernica, unha homenaxe polo moito que sufriu este pobo. Cae a noite, sae a lúa chea. Teño entendido que no porto meu pai está pescando. Entro nun canellón e unha imaxe dunha cabeluda man laranxa aparéceseme. Avanzo no meu camiño, vexo un monumento á cruz vermella e a estatua do Xeneral Francisco Mourelle de la Rúa. Estou anoxado e á vez sorprendido por tal alucinación. Noto como a marxinación da forza do mal fai anacos da miña vida para chegar a xunta de meu pai e quedar rendido sen alma. Dende aquela, vago polo ceo ata caer na cabeza de quen sexa quen de escribir a miña historia.

Se os anciáns din que con lúa chea, quen entra no “Carreixo da Man Peluda” quedará sen alma, por que non vai ser verdade?

Toda persoa no momento de ver a luz, só ten unha certeza, o feito de morrer e caer no inferno.

As sombras na casa veciña

Antes de comezar a contarvos esta aterradora historia, que me ocorreu cando tan só tiña seis anos, voume presentar: son Noah, actualmente vivo en Málaga e teño vinte anos. Pero voume deixar de lerias e vou relatar o que realmente nos interesa.

Era un día de inverno e acababa de mudarme a Fisterra, concretamente á casa que estaba ao carón do faro, xa que meu pai era o novo fareiro. Eu fun a primeira en entrar naquela casa. Dirixinme ao primeiro andar, na procura dun lugar no que poder descansar porque acababa de facer un longo viaxe e tiña moito sono. Cando entrei no que ía ser o meu cuarto e mirei pola xanela, vin unha pequena casa preto de alí e unha rapaza loira apoiada nela. Decidín non facerlle moito caso porque pensei que xa a coñecería ao día seguinte no meu novo colexio. E así foi: ao día seguinte presenteime a todos os rapaces e rapazas da miña clase, e alí estaba ela. Todo o mundo acolleume cos brazos abertos, excepto a rapaza loira. Cando lle preguntei a Vela, unha das miñas novas compañeiras, por que esa rapaza non falaba con ninguén, díxome que había dous meses asasinaran a súa nai e o seu pai diante dela, e que aínda non atoparan a persoa culpable porque ela quedara moi traumatizada e non fora quen de testificar.

Eu sentíame tan abraiada, que, en canto cheguei a casa, llo contei aos meus pais. Eles dixéronme que iso só eran contos, que os pais de Carme (así se chamaba a rapaza loira) estaban vivos, pero algo no meu interior facíame crer a Vela. Ao día seguinte achegueime a Carme e pregunteille se quería ser a miña amiga. Para a miña sorpresa, díxome que si! A medida que pasaban os días eu ía collendo máis confianza con ela e pregunteille se realmente os seus pais estaban mortos ou só era unha broma pesada que me gastara a nosa compañeira. E tal como me dixera Vela días atrás, Carme contoume que os seus pais morreran ante os seus ollos. Entón, que viran meus pais?

Unha semana despois, mentres estaba en casa de Carme facendo os deberes de matemáticas, sentín unha voz dicíndomos se queríamos merendar algo, pero o único que vin cando me xirei foron dúas sombras tras miña. Ao rematar os deberes, como xa era moi tarde, quedei durmir alí. Espertei no medio da

noite e... vin a Carme cun coitelo cravado no peito! Intentei fuxir, pero deime conta de que as sombras volvían estar na porta... Eu non a coñecía entón, pero a lenda era certa! A cruel Orcavella existía! Despois de séculos soterrada baixo unha enorme pedra no veciño Monte Facho, espertara e usara desta volta a súa maxia para reencarnarse nos corpos das persoas que mataba. Escapei pola xanela e corrín ata a miña casa, conseguindo así salvar a vida e crendo que evitaría os seus meigallos.

Orcavella e o peregrino

Hai algúns anos, un peregrino de nome Aliste marchaba cara ao Cabo Fisterra en busca dun vello enterramento sobre o que escoitara contar moitas lendas.

A medio camiño, parouno un pastor para rogarlle que non continuara:

- "Agarda, agarda! Non ves que por aí vaste perder? Non sabes que dentro daquelas penas está soterrada a feiticeira Orcavella e que nunca houbo home nin muller que volvera ver a luz do sol tras pasar por alí?"

Aliste, que apenas enten día aquela lingua, continuou sen facerlle moito caso.

Non moitos quilómetros despois, chegou ao enterramento da malvada Orcavella, no cume do Monte Facho.

O peregrino agochouse, mirando fixamente a súa tumba, agardando a que o sol marchara por completo. Cando o ceo se volveu completamente negro, a iso das dez da noite, Orcavella saíu da súa tumba.

Aliste observaba aquela escena cos ollos como pratos, xa que non pensaba que a lenda fose certa. O peregrino saíu lentamente do seu escondedoiro e achegouse a ela por detrás. Cando estaba preto abondo, tocou o seu ombro cunha mansamente e ela deuse a volta alarmada polo contacto.

O peregrino esperaba unha muller vella e con aspecto de orco ou de bruxa, con nariz afiado e pel cor verdoso. Pero aquela muller era máis ben unha muller normal, coma calquera outra, coa pel pálida e cabelos negros. Aliste mirouna abraiado e falou na súa propia lingua:

- "Es ti a malvada Orcavella, moza?"

A muller mirouno cunha expresión confusa e observou por uns instantes aquel home, antes de contestarlle:

- "Non sei de que estás a falar, na miña vida oín ese nome!"

Unha vez máis, quedou sorprendido polas palabras daquela muller, pero máis aínda polo feito de que ela lle contestara no seu idioma nativo coma se fora o seu propio.

- "Entón... ti quen es?"

A moza soltou unha risiña polo baixo e cruzou os brazos.

- "O meu nome é Vanessa e non son unha bruxa."

Aliste seguía asombrado polo que pasaba.

- "E que fas aquí, se se pode saber?"

Vanessa sinalou unha cabana de madeira, que estaba decorada con flores e elementos silvestres.

- "Vivo aquí coa miña filla, na que la casaña. Gustaríache pasar? Pareces canso da túa viaxe."

Aliste dubidou un pouco, pero aceptou. Unha vez na casa, a muller serviulle un pouco de caldo e conversaron durante horas. Porén, el notou que semellaba máis e máis estraña por momentos. Escusouse para ir ao baño, pero cando volveu, Vanessa estaba apoiada no mesado cunha expresión de horror. A cara se lle desfiguraba lentamente e cada vez tiña máis aspecto de defunta.

Aliste, arrepiado, saíu correndo da casa e fuxiu cara ao bosque. Por un momento, mirou cara atrás e ela o perseguía a velocidade inhumana. El correu e correu ata que, por sorte, atopou un acocho.

Ao amencer, asegurouse de que ela non estivera por alí antes de sacar o móbil para coller un billete de avión de volta ao seu país, pero... non sería xa demasiado tarde?

Aventuras no lago de Meirama

En Cerceda, comezou o verán, e un grupo de rapaces que viñeron veranear aquí, quixeron descubrir o Lago de Meirama. O Lago chamáballes a atención xa que antes era unha mina, pero agora está reformado e pódese ir pasear.

Os rapaces dixéronlle aos seus pais que querían ir coñecer este Lago, pero os pais decidiron acompañalos xa que lles parecía un pouco perigoso porque ao non coñecer o lugar podíanse perder. Chegaron alí e estiveron paseando ata a hora de merendar, cando se deron conta de que faltaba un deles.

Puxéronse a buscalo, pero o Lago era moi grande e xa estaba anoitecendo. Comezaron a escoitar rúidos de animais ao Lonxe así que subiron ao coche e seguiron buscando. Xa eran as dez da noite cando se encontraron cun Lobo que Levaba nas costas o rapaz perdido, que lle contou ao resto que cando estaban paseando estaba moi cansado e pensou que podía sentarse un pouco e despois volver con eles, pero quedou durmido e o Lobo axudoulle a encontralos. Pero ademais: diso, tamén viu raposos, Coellos e gaiivotas.

Os adultos dixéronlle que tivo moita sorte xa que o Lago ten unha camiñata moi grande e que ademais, antigamente, era unha mina, así que é un Lago artificial moi profundo.

Curtis é un concello da provincia da Coruña dividido en catro parroquias: Curtis (Santa Eulalia), Fisteus (Santa María), Foxado e Lourdes (Santa María). O municipio limita con Oza dos Ríos, Aranga, Guitiriz, Vilasantar, Mesía e Cesuras. A súa capital municipal é Teixeira, Curtis é un concello con moita historia que contar. En Sobrado consérvanse restos dun campamento militar da época romana. Outro dato interesante é que no século IX, durante as invasións bárbaras, o mosteiro de Santa Eulalia foi incendiado, Curtis conta con numerosas lendas propias. Ás máis recoñecidas contan que en numerosas partes do río Mandeo pola noite podense ver lavadeiras e que en moitas partes do concello existen tesouros soterrados polos mouros. O municipio conta con moitas tradicións, coma a feira os días 9 e 23 de cada mes, nas que podes atopar pequenos postos con produtos locais e artesanais, a Festa do Cabalo, que ten lugar en Teixeira o primeiro domingo de agosto, ou a máis querida polo pobo; a feira de 1900, unha festividade na que a xente se viste con roupa daquela época e desfrutan de moitos postos con produtos artesanais, Curtis veu medrar a un gran persoeiro como é Lucas Vázquez, no seu honor púxoselle o seu nome ao campo de fútbol do municipio. A súa natureza é asombrosa, no concello podes atopar bosques e fragas, aínda que tamén numerosas rutas para coñecer a súa contorna, coma a Ruta do Mendo, que vai do Seixo de Abaixo ao Castro a a Ruta dos Cabaleiros, que vai da Illana ao Igrexario de Fisteus. Ademais da súa natureza atopamos tamén unha gran herdanza cultural coma as igrexas: algunhas delas son a Igrexa de Nosa Sra. dos Remedios, Igrexa de Santa María de Foxado ou a Igrexa de San Roque de Xabriño. En definitiva Curtis é un lugar increíble, cheo de lendas, tradicións e beleza natural.

Pel brava.

Un xabarín facía estragos polas terras do feudo dos Andrade. Algúns campesiños aseguraban que non había nada que puidese atravesar a súa pel. E xa comezaban a falar de que aquel animal era cousa doutro mundo.

Rosa, a filla da muiñeira de Lambre, ao ver estragadas as colleitas de millo, trigo, centeo,... e que apenas había traballo no muíño, díxolle á súa nai que desexaba presentarse a un posto de vasalo.

A nai receaba, xa que o seu home fora vasalo e perdera a vida loitando, pero aínda así, aceptou.

Rosa puxo as roupas do seu pai, a espada e unha daga de ouro cun R gravado, que mandara facer para ela; recolleu o pelo e presentouse no Castelo de Andrade facéndose chamar Roxín Roxal.

Alí recibíuna Fernán, o fillo de don Nuno, que tras comprobar que viña para as probas de vasalo, puxéronse a loitar para comprobar a súa destreza coa espada, e quedou abraiado coa súa habilidade, polo que decidiu darlle o posto.

Adoitaban ir xuntos a vixiar as terras do feudo, quedando no seu castelo de Moeche cando ían ata a Serra da Capelada e da Faladoira. Tamén vixiaban a costa, cabalgando polas praias de Valdoviño, Ferrol, Ares, Cabañas,...

Un día, cando se atopaban na praia de Miño, o cabalo de Rosa tropezou cunha rocha e tirouna á auga, entón Fernán descubriu que era unha rapaza, pero decidiu gardar o segredo, xa que o seu pai nunca aceptaría unha moza coma vasalo.

Ao regresar, atopáronse cun nobre e coa súa filla Tareixa, que viñeran dende Vimianzo, onde tiñan o seu castelo.

Don Nuno díxolle a Fernán que estaba arranxando todo para o seu casamento, que así o seu feudo ía chegar ata o Fin da Terra, (Fisterra) e ademais facerse cos botíns dos barcos que naufragaban naquela costa, á que chamaban Costa da Morte.

A Fernán, aínda que intentaba compracer ao seu pai, había algo de Tareixa que lle daba arrepío.

Os campesiños viñeron pedir axuda aos vasalos para acabar co xabarín, xa que agora os estragos eran moito maiores e moi contínuos.

Fernán e Rosa ían pola Ponte de Lambre cando o viron aparecer e foi dereito a por Rosa, os dous intentaban cravarlle as súas espadas pero sen éxito. Cando xa non podían máis e Rosa

viu a Fernán ferido no chan, inconsciente, lembrouse da súa daga: quizais o ouro si podería atravesar aquela pel tan brava, e conseguiu cravarlla ata a empuñadura.

Ao día seguinte non se falaba doutra cousa, de que aparecera o xabarín morto, coa daga de Rosa cravada.

Don Nuno aceptouna como vasalo e máis tarde tamén como esposa do seu fillo, xa que Fernán e Rosa estaban moi namorados.

Non se soubo máis de Tareixa, que desapareceu misteriosamente, pensando algúns que era ela, a que se transformaba naquel porco bravo que tantos estragos fixera na zona.

Dende entón, a ese lugar coñéceselle como Ponte do Porco e conta cunha figura, en pedra, do porco coa daga cravada enriba.

Sofía e a batalla de Brión

Esta é a historia dunha nena, Sofía, que viviu a batalla de Brión.

Todo sucedeu o 25 de agosto de 1800, preto de Ferrol, nas localidades de Brión e Doniños.

Cando Sofía terminou de xantar toda apurada porque quería ir ver que eran esos ruídos. Cando chegou a fóra e viu que todos os seus ruídos. Cando chegou a fóra e viu que todaa os seus veciños estaban correndo dun lado a outro, correu xunto a súa avoa, que está axudando uns nenos máis pequenos que Sofía a esconderse detrás duns muros. Cando chegou a xunto dela, preguntoulle:

- Avoa, que está a pasar? - preguntoulle toda preocupada.

- Neniña, lémbreste cando eu che contaba de cando era pequena, máis ou menos a túa idade e había moitas guerras? - contestoulle a avoa.

- Si, que recordo avoa.- respondiulle Sofía.

- Nena, non hai tempo. Rápido, agóchate aquí con estes nenos.- falou a avoa interrompendo a Sofía.

Sofía obedeceu o mandado. Intentou calmar os nenos que estaban alí chorando. Despois dun rato Sofía e os nenos viron como chegaban moitos barcos estrantexeiros e desembarcarón moitos soldados. E un veciño que estivera no exército, que polos uniformes vermellos eran soldados Ingleses.

- Ti sabes por que veñen tantos soldados? - pregunto un dos nenos a Sofía.

- Aver, vovos contalo. Pero tedes que estar en silencio e tranquilos, ninguén pode saber que estamos aquí. Entón Sofía comezou a cortarles que ela cría que era unha mansión. Os nenos quedaron bastante asombrados.

-Nenos, quedade aquí. Eu vou intentar axudar os veciños que están loitando contra os Ingleses.

Sofía foi escondéndose ata chegar aos montes de Brión. Uniuse aos paisanos, que estaban organizándose.

A nena servía de menxaxeira entre os distintos grupos de resistencia. Estando Sofía levando unha mensaxe aun grupo que estaban no máis alto do monte.

No camiño atopase cun grupo de soldados españois da base naval de Ferrol, comandados polo capitán Topete.

- Capitán, que está pasando? - aproveitou a preguntar Sofía.

- É unha invasión Inglesa. O admirante John Warrant intenta tomar o porto de Ferrol para convertelo nunha base estratéxica para as forzas navais británicas.

- respondiulle enseguida o capitán Topete.

O capitán e as súas tropas seguirón marchando cara ao enemigo e a nosa protagonista continúa co seu labor de comunicación.

Grazas aos esforzos das tropas espalas e as colaboracións dos veciños os británicos resultan derrotados.

Retíranse cara á praia de Doniños, e foxen nos seus barcos.

Xa é tradición que todos os anos a xente de Brión e Ferrolterra fagan unha representación deste feito. Que en resumo, consistiu no ataque Británico naval de Ferrol. Dentro das guerras do século XIX.

Ordes

Unha noite de 2023 no pobo de Ordes estaba sucedendo unha cousa moi extraña: desde o apartamento de Xoán escoitábanse un ruidos bastantes raros, pero el non se preocupou. Ao día seguinte pola mañan, cando colleu o coche para ir ao traballo, atopouse cunha rapaza tirada no chan, mareada e desorientada. Intentouna axudar, pero encontrábase moi mal, non podía nin sequera levantarse. Enton, Xoán decidiu chamar a Garda Civil. Cando chegaron, viron a rapaza, e xa nese momento déronse de conta do que estaba a suceder: a rapaza estaba drogada. Os gardas xa habituados e cansos deste tipo de casos, o que lles chamaba a atención era que non houbera ese noite ningunha festa.

Despois dunhas horas, contaronlle a Xoán que a rapaza estaba no centro de saúde, en estado grave, e que se houbese tardado 5 minutos mais non tería sobrevivido.

Xoán seguiu ca súa vida normal, pero cando volveu anoitecer, escoitou de novo eses mesmos ruidos da noite anterior. Desta vez, tivo a intriga de saber que eran aqueles ruidos, mais ao final non se decidiu en ir averigualo.

A seguinte noite tomou a decisión de baixar a ver que sucedía. Cando baixou, atopou moitísimos rapaces consumindo estupefacientes, e tres puntos de venta, un no parque dos patos, outro na praza e o último na entrada de Ordes.

A Xoán isto deixouno moi descolocado, non se esperaba tal cousa. Entonces, estivo toda a noite buscando responsables e mirando quen era o culpable para poder comunicarllo á Garda Civil ao día seguinte.

E así foi: a Garda Civil realizou unha operación sorpresa e detiveron aos responsables.

A vila de Ordes volveu a normalidade, aínda que moita faltaba moito traballo social, posto que moita xente seguía afectada polas drogas.

Xoán non volveu a escoitar ruidos extraños, pero dende isto, non durmía tranquilo sen de cada vez que se deitaba non miraba pola fiestra para comprobar que todo estubese en orden, e poder evitar que calquera tomase unha decisión da que podería arrepentirse dela por sempre

“A Torre de Hércules”

A auga fría do mar alivia os meus cansos pés. Síntome observada, quizais por mor da luz cegadora que desprende o faro próximo á praia onde me encontro. Porén, esa luz dourada, pertencente ás estrelas máis fermosas da Coruña, guía aos navegantes e, se cadra, guíame a min. Pola noite, os focos do seu arredor ilumínanos, destacando así a súa importancia e o seu valor, destacando así as restauracións coas que sobreviviu. O meu irmán cólleme da man, entendendo, desta vez, a importancia desta torre para nós, os coruñeses. Despedímonos dela, dándolle, do noso xeito, **as grazas**.

FRADES EN 404 PALABRAS

Benvidos ao noso viaxe por Frades, chámome Noe e vivo nunha agochada aldea deste concello. Xuntos vamos a vivir grandes aventuras neste concello, así que... vamos aló!

Comezarei por decirvos que Frades pertence á comarca de Ordes, e a súa capital é Cimadevila. Tamén encontrei un dato curioso, Frades está situado a 400 metros sobre o mar.

É un concello con arredor de 2 160 residentes, e moitas Familias gandeiras, xa que neste concello destacan as 10 000 vacas que hai aproximadamente, aínda que tamén hai moitos máis animais, como galiñas, cans, gatos... e tamén os hai dos que non son domésticos, como Formigas e moscas, aínda que os mellores son os paxariños, coma as lavandeiras brancas e os pardais, que cantan moi ben, perfectos para relaxarnos naquelas mañáns nas que non todo nos sae ben.

Por Frades tamén pasan numerosos ríos, e seinos todos de memoria, escoitade: Tambre, Maruzo, Samo, Gaiteiro, Mastás e Pío. Que vos parece?

O concello tamén ten 12 parroquias, que non sabería decilas tan ben coama os ríos, pero poderemos visitar algunha delas...

Comezaremos indo á Capela da Nosa señora das Virtudes, onde se celebra a Festa das Virtudes en setembro. Esta capela está na parroquia de Vitre, é perfecta para apañar castañas, pero non vos piquedes!

Para continuar a nosa ruta, iremos a Gafoi, aquí poderemos visitar unha igrexa moooooi antiga, a de Santa Mariña de Gafoi, preto atópase o colexio CPI Ponte Carreira, a présa de Ponte Carreira (aquí pódense pescar troitas) e o muíño do mesón, que é moi bonito.

Seguindo podemos ir para outra parroquia, Aiazo, onde está a área recreativa os Pazos, onde termina a ruta de sendeirismo do río Tambre e onde se celebra a Festa da Merenda.

A nosa próxima paradiña será en Moar, onde visitaremos a Ermita de San Roque, un precioso lugar onde se celebra unha gran Festa o primeiro domingo de setembro.

Agora iremos a Galegos, a parroquia onde podemos ir visitar o templo de San Martiño de Galegos ou o Pazo de Galegos, dous sitios Fermosos onde podemos sacar unhas Fotos para recordar este gran día.

Terminaremos na parroquia de Frades, onde podemos ir visitar o MuFra, o noso Famoso museo. Está situado ao lado da Casa do Concello, nun edificio que comparte cunha biblioteca onde podemos ler libros de todos os tipos.

Lamento dicirvos que a nosa viaxe terminou aquí, pero eu marchó, que teño que marchar!

O RATO

No concello de Frades, en concreto no seu museo, había unha pequena e moi vella lámpada de cristal. Estaba no almacén así, que que ninguén a tocaba...

Ninguén menos un pequeno ratiño que vivía dentro dela. Este ratiño sempre ía a todas as festas do concello, pero a que máis lle gustaba era a da Merenda, en Aiazo, porque alí podía ver a súa namorada. Eran felices e moi rexoubeiros, ata que chegou unha rata a roubarlle a súa mociña.

Xa non se vían tanto, así que o ratiño tivo que tomar medidas: esa noite, no almacén do museo de Frades, dentro daquela lámpada estaban o rato e mais unha cabeciña de rata colgada na parede.

Xoán e o seu amor ca Troita

Cada ano, cando maio vestía os campos de verde e as flores nos camiños, Sigüeiro transformábase. Durante tres días, o son do río Tambre mesturábase con gaitas, risas e o chisporroteo das brasas, era a Festa da Troita.

Os cidadans decían que todo comezou cun pescador chamado Anselmo, fai máis dun século, quen un día atrapou unha troita tan grande que decidiu compartila con todo o pobo. Desde entón, non había primaveira en Sigüeiro sen a súa celebración.

As rúas chegábanse de postos decorados con bandeiríns de cores, e os aromas da troita á parrilla ou da empanada. A praza, habitualmente tranquila, convertíase nun concerto de música, bailes e voces emocionadas.

Xoán, un neno de nove anos, vivía para eses días. Desde marzo, contaba as semanas, imaxinando os dulces de amendra, as carreiras de sacos e os concursos de pesca infantil.

O seu avó, don Ricardo, era un dos xuíces da competencia de cociña, e sempre lle gardaba un trozo da mellor empanada de troita, aínda quente. A noite do sábado era a máis esperada. Á orixe do río, os aldeans encendían centos de farolillos flotantes.

Xoán, sostendo o seu, pechaba os ollos antes de soltalo, pedindo o mesmo desexo de sempre: que a Festa da Troita durara para sempre. Esa noite, os maiores bailaban ao son de orquestras que parecían eternas, mentres os nenos divertíanse nas atraccións, co ceo cheo de estrelas. O río, cheo de luces titilantes, parecía unha serpinte de lume que estaba polo bosque. Cando o domingo terminaba, e os últimos acordes desfacíanse, Sigüeiro volvía pouco a pouco aos seus días habituais.

Pero en cada pedra da ponte, en cada rama que se atopaba no Tambre, quedaban atrapados os sons de música e alegría. Xoán, cansado pero feliz, prometía que algún día, cando fose maior, él tamén atraparía a troita máis grande, faría a mellor empanada e ensinaría aos seus propios netos a soltar farolillos sobre a auga. Porque en Sigüeiro, mentres o río seguira cantando, a Festa da Troita xamais morrería.

O neno

O neno ía todos os días ao río Xallas no tramo que transcorre por Santa Comba; quería ver o que cría que era a súa mascota, o Peixe, o seu único amigo.

Un día ao Peixe, levouno a corrente e cando o neno foi visitalo non estaba. O neno perdeuse tentando encontralo e refuxiouse nunha parte do río. Durante os seguintes días ninguén soubo sobre o neno.

Últimas novas, "O neno desaparecido, atópase afogado no val do Xallas agarrando o colgante ao que chamaba o Peixe dando así por finalizada a busca".

Un día no campamento de verán do Atlético Cercedense os rapaces decidiron xogar ao escondite, e por alí había moitas árbores e podíaste esconder entre elas, e os rapaces non dubidaron en esconderse entre as árbores. Pero un grupo formado por catro rapaces chamados: Asier, Marcos, Martín e Daniel decidiron ir para outro lado porque sabían que había unha porta e podían ir a fora a esconderse e así non os encontrarían, xa que nin os monitores sabían da existencia da porta. Pero eles seguíronse adentrando e encontraron uns señores que rodeaban a unhas mulleres e escoitaban unhas cantigas. Coa curiosidade foron a investigar, e empezaron a preguntarlle a xente que pasaba pero ninguén contestaba. Ata que unha muller decidiu contestar e resulta que eran dúas cantareiras que estaban Cantando cantigas de fai moitos anos. Martín mirou que hora era e resultaba que era hora de ir a casa e tiñan que marchar pero querían volver o día seguinte.

Chegado o seguinte día mentres que os outros rapaces merendaban eles decidiron volver a onde foran onte e resulta que seguían estando alí e así durante varias semanas. Foron todos os días sen faltar nin un. Un día unha das cantareiras faleceu e pouco tempo despois morreu a outra, xa que eran unhas mulleres moi maiores, e descubriron que eran unhas cantareiras moi coñecidas e importantes pero os rapaces non as coñecían, xa que a idade e coas engurras o seu físico cambiou pero cantaban como se fosen rapazas de 20 anos.

Varios anos despois decidiron dedicarlle o Día das Letras Galegas.

O Pirata das 1000 Rias

Hoxe na escola o profesor de historia falounos do capitán das mil rias. O capitán das mil rias é o meu pirata favorito dende hoxe xa que este pirata recorreu todas as rias do mundo menos a miña A Ría do Burgo pero contounos o noso profesor que estaba na Ría de Foz a semana pasada ¡Imaxinádesvos que veña á miña! Soñeino onte e foi xenial pero xusto cando o fun saudar espertoume miña nai ¡Vaia chasco! Pero hoxe indo a escola estaba o barco en fronte de min non o pensei dúas veces e fun correndo cara el, entón pensei, que fai un pirata navegando rias e non mares? É pregunteillo díxenlle, E logo que fas ti navegando rias e non mares? Que pasa teslle medo ao mar?

Miroume baixou a cabeza e púxose a chorar entón eu quedei abraiada e díxenlle que ter medo era normal e que a única forma de superalo era enfrontandose a eles. O capitán escoitou as miñas palabras e foise.

Uns meses despois o meu profesor de historia contounos que aquel capitán que navegava rias recorrera todo o pacífico.

Hai uns días Paula estaba paseando pola Ría do Burgo cando atopou unha cegoña que precisaba axuda. A Paula deulle moita magoae quixo axudarlle. Baixou con moito coidado e veu que tiña uns envases de plástico atandolle os pés. Axudoulle e deixouna marchar, pero ese día Paula entendeu de verdade que si non somos respectuosos co medio ambiente habería consecuencias moi grandes. Agora Paula sempre pasea pola Ría do Burgo para ir ver a súa amiga.

O MISTERIO DAS DUNAS

un día pola noite, pasaba polas dunas vendo como as ondas chocaban contra a beira do mar ata que se levantou un vento infernal e de súpeto empezou a soar unha campá que recordaba momentos de gloria e dende as dunas xurdiu un pobo de tempos antigos ata que pola miña espalda chegou unha sabia anciá que eu lle preguntei

-de onde saiu este pobo?

-É unha longa historia ...

-podíame contar? teño moita intriga

-fai moitos anos, cando eu aínda era unha cativa había un pobo pesqueiro moi próspero ata que chegou unha vella cunha gran xiba e un bastón de ósos de xabaril pertencente a unha secta que ninguén coñecía

-e que dixo a vella ?

-dixo que mañá pola alba, unha grande ola chegaría e soamente deixaría uns montículos de area virxen, e así foi ao día seguinte desapareceu ese pobo e toda a súa xente, soamente deixando unhas dunas ao fronte do mar.

Dende aquel día escóitase unha campá e en Noite Boa volve a aparecer os recordos daquel pobo.

Había unha vez, un grupo de peregrinos irlandeses que estaban a facer o camiño de Santiago. Colleron un avión dende Irlanda ata Vigo e logo un taxi para comezar o seu propósito dende Orense.

Despois duns cantos días, chegaron ao seu destino deseado, a catedral. Quedaron sorprendidos ao ver o alucinante que era. Non o esperaban así! Quedaron coas dúbidas sobre que había ahí dentro, entón decidiron coller un guía. Déronlle cita pra o día seguinte, así pasaron o día durmindo nun albergue preto da Catedral.

Chegou o día seguinte, e era a hora do tour. Preparáronse con ansias e moitas gonas. Despois dunhas horas alí dentro visitando todo, chegaron á conclusión de que querían roubar o sepulcro de Santiago, posto que lle pareceu que iso debería estar no seu país. Non fixeron plan ningún e decidiron improvisalo. Comezaron entrando pola porta Platerías, a porta lateral que dentro da ao carón do sepulcro. Ao entrar unhas horas antes, mais ou menos sabían o plano. Chegaron ao seu propósito e intentaron collelo, pero estaba moi ben amarrado. Non sabían como facer, xa que non tiñan ferramenta ningunha. Intentárano de varias formas pero ningunha lle funcionou. Lembráronse de que se a collían non tiñan como metela ao avión, entón decidiron pintala poñendo: "Isto pertencerá a Irlanda, volveremos".

O misterio das Encrobas

Alá polo ano 80 cando comezaban a expropiar terreos, casas, montes... A vida enteira dos maiores da Parroquia das Encrobas estaba mudar, todo o que coñecían ata o momento. Cando a Xosé lle ían a expropiar todo o que tiña, el só quería quedar que na casa onde nacera. Loitou con todas as súas forzas, pero o final, o propio día da expropiación presentouse a garda civil, contan que lle dou tal desgusto que apareceu morto na casa. Cos anos a mina seguiu traballando, pero a casa de Xosé quedou abandonada ata o día que se acabou a mina. Co tempo encheron o que hoxe coñecemos como o Lago de Meirama. A casa de Xosé tapiárona. Cos anos un antigo traballador da mina das Encrobas, quixo ver como quedara todo, despois de que cerrara a mina. Viu lago cheo de auga, sendeiros para camiñar, antigas naves e algunha máquina, decidiu camiñar por alí.

Cando viu a antiga casa de Xosé, que aínda seguía en pé des pois de tantos anos. De súpeto, escoitou uns lamentos que proviñan do interior da casa, achegouse ata alí e viu que a porta estaba medio aberta, abriuna amodiño, entrou e a porta cerrouse cun forte golpe, non soupo máis nada del. Anos despois uns rapaces novos estaban dando unha volta cas bicicletas, cando chegaron a altura da casa oíron tamén os lamentos do interior da casa e decidiron ver o que pasaba, cando entraron a porta cerrouse e dos rapaces non se soupo mais nada deles. Cos anos desapareceu máis xente, pola zona apareceron varios coches, algunhas bicicletas, mochilas...

E non se volveu a saber deles.

Todos a saber deles. veciños da parroquia chamábanlle o misterio das Encrobas...

A PEDRA QUE CHORABA

Había unha vez, no concello de Pontedeume, unha pedra moi especial que vivía na beira do río Eume. Non era unha pedra calquera: tiña ollíños pequenos, boca redondiña e un corazón cheo de emocións. Chamábase Pedriña, e tiña unha pena que ninguén entendía.

Cada noite de lúa chea, o río facía un son misterioso, coma se alguén cantase moi lonxe. Pedriña escoitaba aquela voz doce e sentía como unha bágoa saía dos seus ollos. Si, Pedriña choraba, aínda que era de pedra.

Un día, apareceu por alí unha nena chamada Mara, que viña pasear pola fraga co seu canciño. Era curiosa, valente e tiña un sorriso que daba alegría. Sentou a carón da pedra e díxolle:

- Ola! Que pedra tan bonita... Podo estar contigo?

E, para a súa sorpresa, a pedra respondeu:

- Claro que si. Chámome Pedriña.

Mara quedou abraiada, pero non tivo medo. E así comezou unha amizade fermosa.

Pasaron os días, e Mara foi escoitando as historias da pedra. Pedriña contoulle que había moitos anos, unha princesa chamada Ana vivía preto do río. Era boa e cantaba coma os anxos. Pero un día, un bruxo malo, por envexa, botoulle un meigallo: converteríase en luz e só podería volver á vida se alguén escoitaba o seu cantar sen ter medo.

- E ti escoitáchela?- preguntou Mara.
- Si - dixo Pedriña-. Cada noite de lúa chea. E sempre choro, porque estou soa, e Ana tamén.

Mara colleulle a manciña de pedra e díxolle:

- Esta noite quedarei contigo.

Cando chegou a noite, a lúa brillaba coma unha moeda de ouro no ceo. E entón, comezou a soar a canción. Era unha voz fermosa, triste e chea de ilusión. Mara non marchou. Escoitou ata o final, e ao rematar, unha luz saíu do río. Era Ana, sorrindo, xa libre.

- Grazas por escoitar co corazón - dixo.

De repente, Pedriña comezou a brillar, e sen que Mara soubese como, transformouse nunha nena coma ela! Tiña os ollos cheos de luz e o sorriso máis fermoso do mundo.

Dende aquel día, Mara e Pedriña xogaron, riron e fixeron mil aventuras na fraga. E din que, se paseas pola beira do Eume e ves dúas nenas cantando xuntas, unha delas foi pedra unha vez, e choraba por amizade.